CEIDA 2001-2005

Memoria de actividades

CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA
E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA

CEIDA 2001 - 2005

Memoria de Actividades

Dirección e coordinación: Carlos Vales Vázquez
Área de Extensión Universitaria: Araceli Serantes Pazos
Administración: Carmen Borobio Vázquez
Área de Formación: Mónica Agrazo Martínez
Mónica Fernández Meirama
Área de Educación Ambiental: Verónica Campos García
Sonia Pazos Vieiro
Rebeca Vázquez Vázquez
Área de Documentación: Natalia Neira García
Verónica Pajón Jacobe
Ana Belén Pardo Cereijo

Realización: CEM Sociedade Cooperativa Galega

Fotografía de cuberta: Xacobe Meléndrez Fasbender

Imprime:

Dep. Legal:

CEIDA 2001 - 2005

Memoria de Actividades

CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA
E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA

A preocupación polos problemas ambientais non deixou de aumentar nas últimas décadas, froito da maior sensibilidade da sociedade, do aumento dun maior coñecemento científico sobre o noso planeta e, como non, do incremento continuado dos problemas ambientais que, en moitos casos, pasaron a ter unha envergadura de problemas globais.

A aparición de organismos internacionais de defensa do ambiente, como a Unión Mundial para a Natureza (UICN), de programas como o das Nacións Unidas para o medio natural (PNUMA), de acordos e convenios internacionais, como o referente á Diversidade Biolóxica, para tentar frear a extinción de especies, ou o Protocolo de Kioto, para afrontar o cambio climático, demostran que estamos ante importantes desafíos para o futuro da humanidade.

Neste contexto, é evidente a utilidade de institucións que desenvolvan programas de educación ambiental que contribúan a encamiñar a sociedade pola senda da sustentabilidade, que realicen esforzos de formación e sensibilización ambiental e que recompilen información e diseminen experiencias de boas prácticas ambientais. A memoria de actividades do CEIDA amosa como se pode contribuír a eses obxectivos, desenvolvendo actividades de formación e divulgación ambiental dirixidas a múltiples destinatarios e baixo diferentes formatos; deseñando e executando programas de educación ambiental como os aquí presentados en defensa do mar ou a favor da correcta xestión do lixo; creando un centro de documentación ambiental ao servizo dos expertos, dos formadores e dos cidadáns.

O CEIDA demostra así mesmo a posibilidade de traballo conxunto e de unir esforzos entre administracións diversas, por unha parte a administración autonómica que, a través da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, é a máxima responsable da xestión ambiental en Galicia; por outra parte, a administración local (Concello de Oleiros), a máis próxima aos cidadáns, e tamén con importantes competencias e, por último, unha institución científica que, como é o caso da Universidade da Coruña, ten a responsabilidade de poñer a súa experiencia e os seus esforzos investigadores á disposición da sociedade. Espero que, entre todos, acertemos co modelo, e contribuamos a unha xestión cada vez máis eficaz dos nosos recursos ambientais ao servizo da cidadanía galega.

Manuel Vázquez Fernández
Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible
Presidente do CEIDA

Cinco anos de traballo para consolidar un centro de referencia para a educación ambiental en Galicia

O proxecto de crear o CEIDA como centro de referencia para a educación ambiental en Galicia ten a súa orixe no ano 1992 cando o Concello de Oleiros lle cede o castelo de Santa Cruz á Xunta de Galicia, que promove o Centro de Educación, Información e Divulgación Ambiental (palabras que forman as siglas CEIDA), que pasa a depender da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura (daquela, aínda non existía a Consellería de Medio Ambiente). O Concello de Oleiros fixérase coa propiedade do Castelo e a illa de Santa Cruz, que con anterioridade pertencía ao Exército, no ano 1989.

Poucos anos antes fora creado, nos montes de Valsaín nas proximidades de Madrid, o CENEAM, Centro Nacional de Educación Ambiental, dependente do ICONA-Ministerio de Agricultura. O CENEAM ten a súa orixe intelectual nas recomendacións tiradas das reunións internacionais de educación ambiental que aconsellaban crear centros de referencia, capaces de dinamizar e mellorar a eficacia das distintas iniciativas de EA existentes no seu ámbito territorial.

O CEIDA era un intento de reproducir o modelo CENEAM no ámbito galego pero, aínda que se investiron notables recursos económicos no acondicionamento das instalacións e na dotación das mesmas, nunca chegou a funcionar de forma homologable ao seu modelo de referencia. Varios factores axudan a explicar que non se cumprisen os obxectivos para os cales o centro fora creado. Por unha banda, o feito de que o CEIDA tivese a súa sede nunha illa á que só se podía acceder por barca, ou camiñando durante a marea baixa, restáballes operatividade ás instalacións. Outro factor sen dúbida determinante foi que o Centro non fose dotado de persoal propio; pola contra, pasou a depender do Servizo Provincial de Conservación da Natureza da Consellería, o que evitou que se xestionase un programa de obxectivos, funcionamento e actividades de forma autónoma. E, seguramente, como factor central, funcionou o feito de que a EA non fose considerada naquel tempo como un elemento relevante da xestión ambiental global. Como consecuencia, e tras un período de existencia anódina, o Concello de Oleiros denuncia no ano 1996 o incumprimento das condicións da cesión do Castelo de Santa Cruz e a necesidade de reformular o proxecto de centro de referencia de educación ambiental de Galicia.

Como resultado das xestións posteriores, o CEIDA redefínese baixo novas bases: pasa a funcionar como un consorcio a tres partes, participado, agora tamén, pola propia Xunta de Galicia, pero ao que se incorporan o Concello de Oleiros e unha institución que, pola súa relevancia científica, cultural e social, debería axudar a garantir a viabilidade do proxecto; a Universidade da Coruña. A pesar de que o consorcio se constitúe no ano 1998, o proxecto de centro de referencia para a educación ambiental en Galicia non termina de coller forma polo que, despois de distintas vicisitudes, o Consello de Dirección decide facer unha convocatoria pública da praza de Director, que inclúe a necesaria presentación dun proxecto de xestión para o centro, e que é resolta en xullo do ano 2001.

O proxecto aprobado inclúe propostas de traballo nas áreas que un Centro de Referencia de EA debe cubrir, ademais de facer propostas para tirar proveito dunhas instalacións situadas nun lugar privilexiado, nun castelo declarado Ben de Interese Cultural, que foi residencia da escritora Emilia Pardo Bazán e que conta cun contorno natural excepcional, nunha illa próxima á beiramar.

Esta memoria recolle os esforzos realizados para a posta en marcha dese proxecto destinado a conseguir que Galicia conte, desta volta si, e espero que de forma definitiva, cun Centro de Referencia que turre dos esforzos que moitas persoas levan facendo para que non estraguemos o noso patrimonio ambiental.

Carlos Vales
Director Xerente do CEIDA

FORMACIÓN E CAPACITACIÓN AMBIENTAL

Perspectivas da Educación Ambiental en Galicia

1.as xornadas da SGEA: "A profesionalización, unha necesidade para o desenvolvemento da Educación Ambiental en Galicia"

14 e 15 de decembro do 2001



Cal é a realidade profesional que afrontan os educadores ambientais en Galicia? A necesidade de analizar e reflexionar sobre o perfil socio-profesional e de facer propostas que se traduzan nunha mellora da súa situación laboral e das prácticas educativas foi a base da organización destas primeiras xornadas da SGEA que, xunto á súa Asemblea Ordinaria, fixo unha análise da situación e as perspectivas da educación ambiental en España. Atendeu á formación e á profesionalización no ámbito da educación/interpretación ambiental. E situou a educación ambiental no dilema público/privado. Tamén prestou atención ao asociacionismo e a profesionalización na educación ambiental.

Organiza: CEIDA, Sociedade Galega de Educación Ambiental e Consellería de Medio Ambiente - Centro de Información e Tecnoloxía Ambiental.



• Metodoloxía ambiental

Curso de "Deseño e desenvolvemento de procesos de creatividade e participación social: cara ás Axendas 21 Locais"

12, 13 e 14 de xullo de 2002

As capacidades de vertebración e activación social de colectivos que traballan na promoción ambiental no marco galego tiñan que ser potenciadas. Para iso, presentouse unha liña metodolóxica que desenvolvese procesos de creatividade e dinamización social sobre os que basear iniciativas de promoción ambiental. Buscouse dotar os participantes de ferramentas e recursos para planificar e desenvolver estes procesos.

A realidade social da participación; os marcos para os procesos de participación; as metodoloxías para a promoción; as técnicas de análise social, de creatividade e de consenso; e as estratexias de difusión foron os contidos do curso.

Organiza: CEIDA, Cidadanía (Rede de Aplicacións Sociais S. Coop. Galega) e SGEA.

Os equipamentos ambientais no Estado

Seminario itinerante: Recursos e equipamentos de educación ambiental

do 15 ao 22 de outubro do 2002

Con este seminario, desenvolvido en distintos centros de España, quíxose facer balance da situación dos equipamentos de educación ambiental en todo o territorio nacional e informar sobre cales eran as súas posibilidades, os seus proxectos e as súas dificultades.
Tamén foi unha plataforma axeitada para o intercambio de experiencias e boas prácticas na xestión dos equipamentos.
O CEIDA serviu de exemplo para a presentación dun proxecto en marcha.

Organiza: Fac. de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña e INECO S. L.

Colabora: CEIDA, Consellería de Medio Ambiente; Consellería de Familia, Promoción de Emprego, Muller e Xuventude.

• Capacitación para a divulgación ambiental

Curso básico de Divulgación ambiental

do 13 ao 21 de novembro do 2002

Os organizadores deste curso viron a necesidade de capacitar os participantes para desempeñar tarefas de divulgación ambiental. Pretendeuse que, unha vez finalizado o curso, os asistentes contasen cos fundamentos e coñecementos necesarios que lles permitisen deseñar e aplicar os instrumentos de divulgación ambiental.

Aspectos xerais, técnicas e deseño de instrumentos para a divulgación ambiental foron os temas que se trataron no curso.

Organiza: Consellería de Medio Ambiente - Centro de Desenvolvemento Sostible.

Curso de Xestión de Centros de Educación Ambiental

do 13 ao 21 de novembro do 2002

Este curso organizouse coa finalidade de capacitar os alumnos para realizar tarefas de dirección e xestión de centros de educación ambiental e conten cos fundamentos e coñecementos necesarios que lles permitan aplicar distintos instrumentos de xestión e organización.

Os contidos do curso foron: os aspectos xerais da educación ambiental, a tipoloxía dos centros de educación ambiental e os instrumentos para a xestión destes centros.

Organiza: Consellería de Medio Ambiente - - Centro de Desenvolvemento Sostible.



Especialización de persoal docente en ecoauditorías escolares

Curso "Ecoauditorías escolares como instrumento de Educación Ambiental"

29 e 30 de xaneiro e 10, 13, 19 e 20 de febreiro do 2003

A formación especializada de docentes de centros escolares interesados na realización de ecoauditorías e na súa inclusión nos programas de educación ambiental escolar foron os obxectivos deste curso de especialización.
Preguntas como por que unha auditoría escolar?, que aspectos debemos auditar?, ou como e cando actuar?, foron centrais na formación dos especialistas. Prestóuselles especial atención a outros aspectos como os recursos e materiais que se deben utilizar ou a ecoauditoría como proxecto pedagóxico e a súa incorporación no PCC. Finalmente, as escolas solares, as ecoauditorías e o asesoramento municipal completaron o curso.

Organiza: Centro de Formación e Recursos da Coruña.
Colabora: CEIDA.

Propostas didácticas en torno ás fontes de enerxía

Curso "Actividades de Educación Ambiental en torno á Enerxía"

do 3 ao 5 de xullo de 2003

O curso tivo como finalidade ofrecerlles aos participantes unha serie de propostas didácticas relacionadas coas fontes de enerxía que poidan desenvolver máis adiante con grupos escolares para sensibilizar sobre a necesidade do aforro enerxético.

Presentáronse as formas de enerxía e fixéronse distintos obradoiros, como o de experimentos sobre enerxías renovables, sobre consumo, sobre a análise do consumo enerxético (ecoauditoría). Un xogo de mesa "a enerxía que nos move" e outro de simulación sobre enerxías e tamén unha visita guiada por distintas instalacións de enerxías renovables pecharon o curso.

Organiza: CEIDA.

Xestionando centros de educación ambiental

Curso de xestión de centros de educación ambiental

do 6 ao 10 de outubro do 2003



O obxectivo xeral do curso foi capacitar os participantes para o desempeño de tarefas de dirección e xestión de centros de educación ambiental. Pretendeuse que, unha vez finalizado o curso, os participantes conten cos fundamentos e coñecementos necesarios que lles permitan aplicar distintos instrumentos de xestión e organización.

O programa pretendeu, polo tanto, que o participante desenvolvese, fundamentalmente, as seguintes aptitudes: capacidade de revisión dos aspectos xerais da educación ambiental, posuír unha visión clara da normativa existente en Galicia sobre educación ambiental, coñecer e manexar as distintas técnicas empregadas na xestión e organización de centros de educación ambiental, saber deseñar proxectos educativos, elaborar memorias e xestionar recursos humanos, coñecer os requisitos de calidade e xestión de calidade nun centro e poder realizar os trámites administrativos relacionados cos centros de educación ambiental.

Organiza: Consellería de Medio Ambiente: Centro de Desenvolvemento Sostible e Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Colabora: CEIDA.

• Que é a educación ambiental?

Curso de introducción á educación ambiental

do 21 ao 25 de xullo do 2004

O obxectivo xeral do curso foi responder á pregunta: que é a educación ambiental e para que a poden empregar os alumnos na súa práctica profesional? O curso estaba concibido como unha aproximación dos alumnos á educación ambiental, como unha ferramenta valiosa para facer fronte á crise ambiental que estamos a vivir.

Os contidos do curso reflicten a necesidade de dominar non só os fundamentos teóricos da educación ambiental, senón, tamén, as técnicas e procedementos que a desenvolven na práctica real. O programa preséntase en forma de clases maxistrais, obradoiros prácticos e mesas redondas para un debate aberto e frutífero, de xeito que os alumnos se converten en axentes activos da súa aprendizaxe.

Os antecedentes da educación ambiental en Galicia, o seu marco teórico e o desenvolvemento sostible foron os temas básicos. Completaron a formación unha mesa redonda das organizacións para a educación ambiental en Galicia; un estudo sobre os equipamentos galegos de educación ambiental; o CEIDA como centro de referencia e un itinerario cos recursos interpretativos da illa de Santa Cruz.
Finalmente, tivéronse en conta os aspectos administrativos e lexislativos para abarcar completamente as cuestións introdutorias á educación ambiental.

Non se esqueceron os aspectos prácticos cos obradoiros de técnicas para a participación e os recursos para a educación ambiental. Mostráronse distintas experiencias en Galicia e expuxéronse as formas de implantación das Axendas 21 Locais e a relación destas coa educación ambiental.

Organiza: CEIDA.

Promove: Consellería de Medio Ambiente, Centro de Desenvolvemento Sostible. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

• O deseño de itinerarios naturais

Curso básico de educación ambiental e deseño de itinerarios

do 23 ao 25 de maio do 2005

A finalidade do curso era que os alumnos adquirisen as habilidades necesarias para o deseño de itinerarios interpretativos, utilizando como marco de referencia a educación ambiental.
Os contidos abordados neste curso foron os seguintes: Introdución á interpretación do patrimonio; A comunicación e a interpretación; Os itinerarios educativos e interpretativos: características xerais e modalidades; Itinerarios autoguiados: tipoloxías e medios complementarios; O proceso de comunicación na excursión autoguiada; Partes estratéxicas dun itinerario autoguiado; Itinerarios guiados: características xerais; O papel do guía intérprete; O proceso de comunicación na excursión guiada; Actividade práctica: planificación e deseño dun itinerario interpretativo.

Organiza: CEIDA

• Coñecer e interpretar o patrimonio

Curso de iniciación á interpretación do patrimonio

do 10 ao 15 de decembro do 2001

Este curso pretendeu a formación dos técnicos e xestores do medio natural. Tivo entre os seus obxectivos os de dar a coñecer as posibilidades da interpretación do patrimonio dentro das distintas posibilidades de enfoques da educación ambiental e a divulgación do patrimonio e presentou os medios e as técnicas utilizadas para a interpretación. Prestóuselle especial atención ao destinatario e á elaboración da mensaxe interpretativa e dos itinerarios.

Organiza: CEIDA.

• O deseño do turismo ecolóxico

Curso de especialización en ecoturismo
16, 17 e 18 de setembro do 2002

Sam Ham e Betty Weiler, máximos expertos mundiais na materia, foron os relatores deste curso que tiña como obxectivo básico familiarizarse e aprender a traballar en ecoturismo con técnicas específicas de deseño de itinerarios ecoturísticos, guía ecoturística, traballo con diferentes audiencias etc. Os temas desenvolvidos foron: audiencias cativas e non cativas; comunicación secuencial e *tours* temáticos; servizo ao cliente; traballo en grupos; comunicación intercultural e técnicas de liderado.

Organiza: CEIDA.
Colabora: Consellería de Cultura - Dirección Xeral de Turismo

• Como facer unha boa visita guiada?

Seminario de boas prácticas para guías de visitantes
do 8 ao 10 de xullo do 2003

Este seminario ocupouse de mostrar como facer unha boa visita guiada. Explicouse tamén como son os centros de acollida de visitantes e fíxose a simulación dunha visita guiada. **Organiza:** CEIDA.

Técnicas de divulgación patrimonial

Curso-obradoiro "Técnicas para a interpretación e presentación do Patrimonio Natural e Cultural"

do 13 ao 17 de outubro do 2003

Con este curso-obradoiro quíxose dar a coñecer o amplo abano de enfoques da educación ambiental e a divulgación do patrimonio, así como presentar medios e técnicas para a interpretación. A necesidade dunhas técnicas para presentar o patrimonio natural e cultural, os conceptos de medio e técnica en interpretación, o público destinatario ou a comunicación: aspectos psicolóxicos, estratexias para a elaboración da mensaxe interpretativa, obxectivos específicos da comunicación, así como medios e soportes comunicativos foron as bases do curso. A análise e a avaliación do traballo dun guía, o deseño dun sendeiro interpretativo; a análise de traballos dos alumnos xunto á análise do potencial interpretativo dunha zona e ás propostas de intervención completaron o encontro, que rematou cunha visita ás exposicións do CEIDA e o deseño dunha exposición para un museo ou un centro de visitantes.

Organiza: CEIDA.



• Compartindo experiencias

Seminario da "Asociación para la Interpretación del Patrimonio"

3 e 4 de marzo de 2005

Coa fin de compartir experiencias no eido da interpretación do patrimonio e de analizar as novas contribucións teóricas que se incorporan á práctica profesional dos intérpretes, organizouse o seminario desta asociación. Presentáronse distintos proxectos e experiencias innovadoras de interpretación, como a teatralizada de Cádiz, o percorrido guiado por Granada ou mesmo o CEIDA. Reflexionouse sobre o patrimonio cultural e sobre como comunicalo, sobre o deseño dos produtos de interpretación ou sobre a interpretación como concepto de uso público. Outras experiencias compartidas foron as de Atapuerca e de Madrid ou a aula de medio natural de Caja Burgos; a Fortaleza do Sol presentouse como unha experiencia cultural inspirada na interpretación do patrimonio.

Organiza: Asociación para la Interpretación del Patrimonio. **Colabora:** CEIDA

Ténicas de presentación do patrimonio

Curso-obradoiro: Técnicas para a interpretación e presentación do patrimonio natural e cultural do 28 de marzo ao 1 de abril de 2005

Entre marzo e abril do 2005 celebramos este curso-obradoiro para lles dar a coñecer, aos técnicos e guías do medio natural, as características da interpretación como estratexia de comunicación en contornos non formais e presentarlles as distintas posibilidades dos medios e as técnicas para a interpretación, así como a análise dos aspectos básicos para lograr unha comunicación efectiva e impactante. O curso, mediante traballos eminentemente prácticos, procurou aplicar algunhas das técnicas revisadas. A necesidade dunhas técnicas para presentar o patrimonio natural ou cultural foi o núcleo do curso. Os contidos foron os seguintes: unha introdución á interpretación do patrimonio; os conceptos de medio e técnica en interpretación; o destinatario da interpretación do patrimonio; e o trazo con potencial interpretativo (ou que interpretar). A comunicación "Obxectivos específicos para a Interpretación" pechou o programa.

Organiza: CEIDA



• Interpretar a natureza para influír nas conductas

Novos avances na interpretación e guiado ecoturístico

18 e 19 de xullo de 2005

Sam H. Ham, director do Center for International Training and Outreach, profesor de Comunicación Ambiental e Conservación Internacional na Facultade de Ciencias Forestais e Vida Silvestre da Universidade de Idaho, foi o relator do curso de introdución avanzada á Interpretación Temática do Patrimonio. A finalidade deste encontro foi utilizar a Interpretación do Patrimonio como técnica educativa e comunicativa dos profesionais que traballan como guías turísticos, guías de espazos naturais etc. O curso, celebrado en xullo do 2005, foi organizado polo CEIDA.
Como facer auto-presentacións, como realizar unha interpretación efectiva ou como pensar tematicamente, así como, que significa a interpretación temática e cales son os seus fundamentos teóricos foron algúns dos contidos do curso. Finalmente, as técnicas de guiado e de comunicación secuencial ou as aplicacións da interpretación temática para influír na conduta humana cerraron este encontro.

Organiza: CEIDA

Algo de teatro para interpretar a Natureza

Curso de expresión dramática para a interpretación do patrimonio
do 14 ao 22 de xullo do 2005

Coa intención de introducir a dramatización como unha técnica máis entre as varias da interpretación do patrimonio cultural e natural, e conseguir unha comunicación máis efectiva, o CEIDA organizou este curso de expresión dramática para intérpretes e guías da natureza.
A relatora, Flor Maceiras, profesora de teatro e expresión corporal centrou o tempo do curso no traballo cos alumnos na expresión corporal, na proxección vocal, na coreografía e movemento e na improvisación.

Organiza: CEIDA

• Censar as aves

IX Semana das aves: "O anelamento científico, instrumento de xestión"

do 19 ao 21 de outubro do 2001

O anelamento como técnica de identificación, censo e xestión de poboacións de aves foi o eixo da IX Semana das aves.
Ornitólogos, naturalistas e técnicos en recuperación de aves puxeron as bases do procedemento básico de anelamento científico e as razóns de uso e posibilidades.

Organiza: Grupo Naturalista Hábitat.

Colabora: CEIDA e Consellería de Medio Ambiente.

As aves, a mocidade e os humidais

Foro internacional de Xóvenes e Humedais

do 1 ao 5 de maio do 2002



Con este foro internacional quixemos mostrar e expoñer as posibilidades sociais, culturais, económicas e ecolóxicas que os humidais da zona Ramsar ofrecen para a poboación xuvenil. A intención última foi expoñer as experiencias de desenvolvemento sostible e crear redes entre asociacións que favorezan a circulación de información, co fin de contribuír a unha xestión racional dos humidais.

Os principais temas tratados foron: a política actual do Convenio Ramsar; a transmisión cultural e a globalización; unha análise crítica do uso dos instrumentos sociais nos humidais; cal é a política de comunicación, educación e participación pública de Ramsar; a dinámica da creación de redes españolas sobre humidais; etc.

Organiza: CEIDA, Amigos de la Tierra-Friends of The Earth, Convención RAMSAR, Consellería de Medio Ambiente, Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, IUCN, Universidade da Coruña, SGEA.

Bosquexos de campo

Ilustración da Natureza
Curso de iniciación

do 17 ao 29 de xuño do 2002 - do 16 ao 28 de xuño do 2003
do 3 ao 14 de maio do 2004 - do 18 ao 30 de abril do 2005

A finalidade deste curso foi introducir o usuario nas técnicas básicas para a realización de bosquexos de campo, de maneira que mellore a súa cualificación como guía da natureza, como monitor ambiental ou como naturalista afeccionado. O curso atendeu aspectos como os materiais e o equipo básico, as técnicas de expresión, a forma e proporción, como tomar apuntes do natural, como utilizar e comprender a luz e a variación tonal, nocións de perspectiva e composición e, finalmente, aos fundamentos da cor para traballar tomando apuntamentos do natural.

Organiza: CEIDA.



Ilustración da Natureza:
Curso de perfeccionamento

do 20 de outubro ao 1 de novembro do 2003

Pretendeuse neste curso afondar nas técnicas de debuxo para a realización de bosquexos de campo, introducindo a cor nos rexistros, para completar e enriquecer as observacións efectuadas, de xeito que constitúan unha boa base para a realización de ilustracións finais.

Organiza: CEIDA

• Eficacia na xestión do medio ambiente

Máster en xestión medioambiental

do 19 de outubro do 2002 ao 28 de xuño do 2003
do 11 de outubro do 2003 ao 10 de xullo do 2004
do 21 de outubro do 2004 ao 16 de xullo do 2005

A necesidade dunha xestión eficaz do medio natural faise de día en día máis urxente, polo que hai que desenvolver unha formación específica que capacite aos posibles xestores do medio para intervir con seguridade e eficacia.
Este máster abarcou temas tan variados como a xeoloxía ambiental ou o medio atmosférico, outros como a contaminación mariña, a xestión de residuos, ou mesmo a contaminación acústica. Atendéronse aspectos como o dereito ambiental, a política ambiental, a educación ambiental, incluso a actuación policial ou a ordenación do territorio. Finalmente, falouse da xestión dos recursos naturais, da avaliación do impacto ambiental; das auditorías ambientais e da xestión dos espacios naturais.
Organiza: Colexio Oficial de Químicos de Galicia, OFC S. L.



• Actividades didácticas para traballar con plantas

Curso "Usos e aproveitamentos das plantas; actividades didácticas"
11 e 12 de xullo do 2003

Achegar o mundo das plantas ás escolas, gozando, aprendendo e compartindo os coñecementos sobre os usos tradicionais e actuais.
Despois dunha introdución en que presentaban as características básicas das plantas, prestouse atención ao comportamento ecolóxico e responsable na recolleita. Fíxose unha división das plantas en aromáticas, medicinais e tintorias. Finalmente, fixéronse distintos obradoiros relacionados coas plantas e unha saída práctica.

Organiza: CEIDA.



• Bioloxía para mergulladores

I Xornadas de Bioloxía Mariña: A visión do mergullador
27 e 28 de setembro do 2003

Nestas primeiras xornadas anuais de convivencia entre mergulladores galegos quixéronse espallar coñecementos básicos de bioloxía mariña, co fin de satisfacer a curiosidade do mergullador sobre o medio natural no que desenvolve a súa actividade poñéndoo en contacto con expertos na materia. A idea básica foi a de sementar unha inquedanza no mergullador pola fráxil bioloxía mariña e fomentar o respecto polo mar.

Aspectos básicos de bioloxía e de xeomorfoloxía da costa galega así como os ecosistemas submariños: a vexetación submareal, a fauna bentónica sésil, a fauna bentónica libre e a fauna peláxica ademais da especiación nas illas oceánicas foron os temas que se trataron nas xornadas.

Organiza: Club de buceo O Grelle e CEIDA.





• Perspectivas de futuro para as áreas protexidas de Galicia

Parques para a vida: A conservación dos Espacios Naturais galegos na perspectiva do século XXI
9 de xullo do 2004

No mes de novembro do 2003 celebrouse na cidade surafricana de Durban o "VI Congreso Mundial de Áreas Protexidas", organizado pola Unión Mundial para a Natureza (UICN), a máis importante e extensa organización que traballa na conservación do patrimonio natural do planeta. A importancia capital desta reunión de expertos reside nas fondas repercusións que as directrices e obxectivos marcados teñen para o conxunto mundial de espazos naturais protexidos.
Durban representa un salto cualitativo respecto ás liñas de traballo seguidas ata agora na conservación, tentando dar resposta ao cambio global que ameaza a supervivencia de moitos espazos naturais. Por exemplo, o Documento Final do congreso establece a necesidade de:

- Desenvolver sistemas de espazos protexidos que integren todos os elementos necesarios para garantir a diversidade biolóxica e paisaxística do territorio (áreas núcleo, zonas de amortecemento, corredores…)
- Articular a rede de Espazos Naturais Protexidos no esquema xeral da política territorial.
- Lograr a interacción efectiva entre investigadores e xestores de espazos protexidos de modo que o coñecemento científico proporcione unha base para identificar obxectivos e resolver problemas de xestión.

Nesta xornada monográfica celebrada no CEIDA tiveron un gran protagonismo as directrices e os obxectivos marcados no "VI Congreso Mundial de Áreas Protexidas" e, especialmente, as repercusións que ese novo "rumbo" vai ter na xestión da conservación dos Espazos Naturais de Galicia. Tratáronse asuntos relativos á perspectiva histórica na xestión da conservación dos espazos naturais, á visión de futuro para os Espazos Naturais Protexidos, corredores biolóxicos e integración territorial dos Espazos Naturais e a gobernabilidade como un desafío para a próxima década. Finalmente, expúxose o Plan de Acción de Europarc e os Espazos Naturais Galegos.



Organiza: CEIDA.

Colabora: UICN, EUROPARC-ESPAÑA.

Promove: Consellería de Medio Ambiente;
Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

• Retratos do natural

Curso básico de fotografía de natureza

6, 7, 13 e 14 de novembro do 2004
21, 22, 28 e 29 de maio do 2005

En novembro do 2004 e en maio do 2005 celebráronse no castelo de Santa Cruz estes cursos que tiñan como finalidade dotar os participantes de capacidade de uso das ferramentas fotográficas e os coñecementos necesarios para realizar fotografías de natureza.
O equipo para a fotografía de natureza, a fotografía de paisaxes, a macrofotografía, a fotografía de fauna, a fotografía en viaxes e como organizar o arquivo fotográfico foron os contidos do curso.

Organiza: CEIDA.

Colabora: FOTO ARTÚS e FUJIFILM.



• Xestionando espazos naturais

Seminario sobre Xestión e Planificación de Espazos Naturais

30 e 31 de maio de 2005

O obxectivo deste seminario foi dar a coñecer o manual para a elaboración do Plan Rector de Uso e Xestión dos Espazos Naturais (PRUX) deseñado pola Consellería de Medio Ambiente, para unificar criterios en todos os espazos protexidos galegos.

Os contidos desenvolvidos foron os seguintes: Presentación do borrador da Guía Metodolóxica para a elaboración dos PRUXs en Galicia. Plans de Investigación. Plans de Uso Público. Plans de Conservación. O exemplo do Parque Nacional de Garajonay. Custodia do territorio. Taller: Posta en común de experiencias.

Promove: Consellería de Medio Ambiente, Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

Organiza: CEIDA

A riqueza biolóxica de Galicia

Seminario "Natureza e Cultura. A conservación da biodiversidade galega"

29 e 30 de xuño do 2005

A percepción de que a riqueza biolóxica, constituída nos seus elementos máis conspicuos polas especies, os hábitats e as paisaxes é parte do patrimonio máis valioso dun país que foi gañando peso nas últimas décadas, de maneira que as actuacións e os instrumentos para a conservación da biodiversidade convértense nun dos elementos fundamentais de calquera política ambiental, tanto a nivel local como planetario. En Galicia, a milenaria ocupación humana do territorio fai que na nosa paisaxe e nos nosos hábitats, natureza e cultura sexan complementarios. Ademais, a biodiversidade ten tamén unha potente relevancia cultural, ben polo valor simbólico de moitas especies –pensemos no lobo–, ou ben polo valor económico, do cal os recursos do mar son un bo exemplo.

En calquera caso, a actividade económica e as transformacións sociais vixentes supoñen unha ameaza para a preservación desa biodiversidade. E posto que a súa conservación é un imperativo legal e ético, pretendeuse con estas xornadas reflexionar sobre o seu *status* actual, propoñer medidas para garantir a súa conservación e restauración, así como divulgar experiencias relevantes que acontecen noutros ámbitos e das que se puidesen extraer conclusións relevantes para Galicia.

Os contidos abordados durante o seminario foron os seguintes:

A conservación da biodiversidade: un valor cultural. O medio mariño: problemática e conservación. Biodiversidade e valor de conservación dos invertebrados dos ríos galegos. O impacto ambiental nos ríos galegos: ameazas para a biodiversidade e medidas para a súa conservación. A conservación dos vertebrados terrestres ante os cambios no hábitat. As comunidades vexetais relevantes para a conservación e a súa problemática. A conservación da diversidade das especies forestais. A estratexia española para a conservación da diversidade biolóxica. A rede galega de espazos naturais protexidos. A conservación da biodiversidade e dos espazos naturais dende a Administración galega. A restauración de hábitats degradados, desafío para a conservación: unha proposta para a lagoa de Antela. As reservas privadas, unha alternativa para a conservación da biodiversidade. Actualidade e perspectivas da conservación na Unión Europea.

Organiza: Consello da Cultura Galega
Colabora: CEIDA.

• Estratexias contra os residuos

2.as Xornadas "Residuos orgánicos, a estratexia na comarca das Mariñas"

3, 4 e 5 de decembro dO 200I

O Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos do Consorcio das Mariñas respecto da materia orgánica e a posta en relación con outros proxectos estatais e europeos foron a base destas xornadas de ampla participación e fondo interese para o desenvolvemento sostible.

Organiza: Consorcio As Mariñas (Mancomunidade de Concellos da Área Metropolitana da Coruña).

Colabora: CEIDA e Universidade da Coruña - Instituto de Medio Ambiente.

A profesionalización dos axentes forestais

Curso de formación para axentes forestais
do 4 de febreiro ao 17 de abril do 2002

Acadar unha maior cualificación profesional para a integración na escala funcionarial inmediatamente superior dos axentes forestais de Galicia foi o que moveu a organizar este curso. A actualización dos coñecementos técnicos dos axentes foi a base desta reciclaxe profesional. A xestión de recursos forestais, a prevención de incendios, a investigación das causas dos incendios forestais etc., foron algúns dos temas tratados no curso

Organiza: Consellería de Medio Ambiente.
Colabora: CEIDA.

• O ruído nas áreas industriais

VIII Foro de medio ambiente: "Contaminación acústica industrial"

14 de xuño do 2002

Oitava edición do Foro de Medio Ambiente no que se buscou a toma de contacto co día a día da realidade ambiental do noso tecido empresarial e debater sobre un tema de actualidade ambiental como é a "contaminación acústica industrial".

As sesións atenderon diversos temas como a normativa en contaminación industrial, os sistemas de medida e control (ou mapas de ruído), e o deseño e a implantación de medidas correctoras.

Organiza: Colexio Oficial de Químicos de Galicia.

Colabora: Consellería de Medio Ambiente; Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais; G.O.C e Bureau Veritas.

• Investigando incendios

Curso de Técnicas de investigación de causas de incendios forestais

do 24 ao 28 de xuño do 2002

Foi a necesidade de formar profesionais capacitados para investigar e determinar as causas dos incendios o que levou a subministrar os coñecementos necesarios para a súa cualificación. Houbo que capacitar os profesionais para o desenvolvemento da investigación e a posterior elaboración de partes, expedientes e todo tipo de informes relacionados con este traballo.
Desenvolveuse no curso a situación da investigación, a evolución dos incendios forestais, os indicadores de lume, a metodoloxía da investigación das causas, o procedemento legal, as condicionantes das causas…

Organiza: Consellería de Medio Ambiente

Colabora: CEIDA.



• Sostenibilidade do litoral galego

Xornadas sobre Pesca responsable e medio ambiente litoral: "Impactos ambientais no litoral"

13 e 14 de novembro do 2002

Estas xornadas, que tiveron lugar en novembro do 2002, naceron coa finalidade de discutir e analizar a cuestión socioambiental do litoral de Galicia en relación coa súa dependencia da pesca, as infraestruturas, a calidade ambiental e a contaminación, e a sostibilidade do sector. Os temas que cubriron as xornadas foron: o planeamento urbanístico e litoral, a erosión do litoral: a perda das praias, os contaminantes químicos do mar e a contaminación do porto: custos sociais e sanitarios.

Organiza: Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA).

Colabora: CEIDA.

• Recuperación de aves

Seminario básico de Manexo de aves petroleadas

30 de novembro de 2002

Despois do desastre do *Prestige* houbo unha necesidade imperiosa de formar os profesionais para recuperar a fauna ornitolóxica afectada por vertidos de hidrocarburos. Aprender o protocolo de limpeza dende a recollida/captura ata a súa recuperación total nun centro foi a base deste seminario.

Os contidos foron: como lle afectan os vertidos de petróleo á avifauna; tratamento inmediato/*in situ*; ingreso nun Centro de Recuperación: prelavado, lavado, aclarado e secado, poslavado e patoloxías comúns.

Organiza: Centro de Recuperación de Fauna Salvaxe de Santa Cruz (Oleiros), CEIDA, ERGOS / WWF-Adena e Consellería de Medio Ambiente.

• Planificar o uso do solo e da biomasa

Reunión internacional "Secuestro de carbono en suelos y biomasa"

5 e 6 de decembro de 2002

A presenza nesta reunión, celebrada en decembro do 2002, de especialistas internacionais facilitou incrementar o coñecemento sobre a capacidade do sumidoiro edáfico e dos mecanismos de fixación do carbono no solo, así como a aplicación destes datos á planificación do uso do solo e a biomasa.
A contabilización e verificación de stocks de carbono, as normas de aplicación do Protocolo de Kioto ou a variabilidade do secuestro de carbono en solos en diferentes condicións climáticas foron algúns dos temas tratados. Presentáronse inventarios de sumidoiros de carbono e fíxose unha relación dos seus mecanismos de fixación.
O estudo das formas estables da materia orgánica e a influencia do tipo de uso e xestión do solo nos fluxos de carbono foron os asuntos que pecharon as intervencións.

Organiza: Sociedad Española de la Ciencia del Suelo, CEIDA, Instituto Geológico y Minero de España e Universidade de Santiago de Compostela.

Patrocina: Consellería de Medio Ambiente.

Grupos de investigación para avaliar os efectos do *Prestige*

Programa de fomento da cooperación científica sobre o Prestige

10 de xuño do 2003

Nesta xornada de traballo pechada deseñouse o programa de colaboración de distintos grupos de investigación universitarios para a avaliación dos efectos do *Prestige* sobre a poboación.

No programa sentáronse as bases para a mostraxe e organizáronse as redes de intercambio e divulgación de datos.

Organiza: Grupos de investigación das Universidades de Barcelona, Castellón, A Coruña e Santiago de Compostela.

Colabora: CEIDA.

Coidado e calidade do aire

Encontro "A atmosfera: da metereoloxía á calidade do aire"
do 28 ao 30 de xullo do 2003

Ao longo deste encontro pretendeuse abordar o estudo teórico e aplicado dos fenómenos meteorolóxicos, así como as técnicas numéricas e experimentais dispoñibles para tal estudo. Abordáronse, ademais, de maneira eficaz as técnicas e políticas ambientais orientadas á minimización dos efectos da contaminación atmosférica en Europa.

Estudáronse os modelos atmosféricos e as medidas dos contaminantes atmosféricos. Prestóuselles unha especial atención aos procesos e medidas de prevención e control da contaminación atmosférica.

Organiza: Universidad Internacional Menéndez Pelayo (UIMP).

Colabora: Universidade da Coruña e CEIDA.

• Puntos limpos

Seminario "As tendencias da xestion dos residuos urbanos na Unión Europea"
10 de novembro do 2003

A finalidade deste seminario foi a de presentar o modelo de recollida de residuos urbanos do Consorcio das Mariñas.
Abordouse a xestión do lixo: a recollida e o tratamento biolóxico; a compostaxe e a metanización; as leis europeas e a súa transposición á normativa estatal, autonómica e local e, finalmente, comparáronse os modelos de SOGAMA e o de Nostián.

Organiza: CEIDA, Consorcio das Mariñas e TECMED S.L.

O cambio climático

Xornada sobre cambio climático e medio mariño

1 de xullo do 2004

Esta xornada, realizada en xuño do 2004 centrouse no cambio climático e os seus posibles escenarios de evolución.

O cambio climático, a súa relación coa enerxía, as evidencias e efectos dos cambios globais sobre o océano, a captación de CO_2 antropoxénico no Atlántico e o reto que propón Greenpeace foron os temas tratados polos relatores do encontro, que se pechou cun debate e cunha mesa redonda.

Organiza: Instituto Universitario de Estudios Marítimos.

Colabora: CEIDA.

O problema da auga

I Seminario sobre a Problemática da auga

7 e 8 de xullo do 2004

Buscouse, con este primeiro seminario, afondar nos distintos aspectos da xestión e conservación dos recursos hídricos, algo que en Galicia non se percibe como problema social, económico e ambiental. Abordáronse temas de plena actualidade como a solidariedade no consumo de auga, a eficiencia, o tratamento ecolóxico e os impactos culturais. O programa centrouse no futuro das políticas hidrolóxicas en España, e na Unión Europea, nos plans hidrolóxicos galegos e na Directiva de Auga da Unión Europea.
A depuración de augas residuais e a sostibilidade, os impactos socioculturais das obras hidráulicas en Galicia, a xestión municipal da auga co exemplo do concello de Oleiros tamén foron atendidos no seminario, que se cerrou cunha visita ao sistema de abastecemento de augas da Área Metropolitana da Coruña.

Organiza: CEIDA.

Colabora: Consellería de Medio Ambiente. Universidade da Coruña. Concello de Oleiros. ADEGA.

Patrocina: SERGESCO, ABN.

• Opcións técnicas na xestión de residuos

Curso "A xestión de residuos na Galiza e na UE"

21 e 22 de outubro do 2004

Ofrecer unha visión ampla e completa da xestión dos residuos en Galicia e debater as distintas opcións técnicas e as repercusións ambientais e sociais foi a finalidade deste curso celebrado en outubro do 2004 que, entre os seus contidos, tratou temas como a xestión do lixo en Galicia en relación coa normativa da UE ou os usos do compost e o papel da materia orgánica nos solos. O Complexo Medioambiental da Mancomunidade Serra do Barbanza e o Complexo Medioambiental de Nostián serviron como exemplos para centrar a cuestión. Fixéronse, tamén, visitas ás instalacións de Nostián (A Coruña) e SOGAMA (Cerceda). Outros temas tratados foron: a participación cidadá na recollida selectiva; a compostaxe caseira e a educación ambiental comunitaria; os proxectos de compostaxe en pequenos núcleos ou os avances na recollida selectiva. O Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2004-2010 e a xestión do lixo na Área Metropolitana da Coruña pecharon o curso.

Organiza: Universidade da Coruña, Departamento de Química Física e Enxeñería Química.

Colabora: CEIDA e Colexio Oficial de Biólogos de Galicia.

Catrocentos anos de historia

Curso "Historia do castelo de Santa Cruz"
do 2 ao 17 de xuño do 2004



Celebrado en xuño do 2004, o obxectivo xeral do curso foi promover o coñecemento dun importante patrimonio histórico, cultural e natural constituído pola illa e o castelo de Santa Cruz e o seu contorno. Pretendeuse que, unha vez finalizado o curso, o alumnado contase cos coñecementos necesarios para desenvolver tarefas de guías, sendo capaces de aproveitar todos os recursos: os 400 anos de historia do castelo de Santa Cruz, dende a súa orixe como fortaleza defensiva ata o seu labor actual na defensa do medio; a importancia da figura de Emilia Pardo Bazán no contexto histórico da súa época e no mundo da literatura; a riqueza do patrimonio natural a través dos recursos interpretativos da illa, entendendo así mesmo a evolución de Santa Cruz que pasou de vila mariñeira na antigüidade a ser hoxe un punto de atracción turística.
O curso atendeu aspectos tan especializados como A Coruña e a súa comarca na época da construción do castelo de Santa Cruz; como eran as fortalezas defensivas no Arco Ártabro e as da baía da Coruña. Expuxéronse tamén os antecedentes defensivos centrándose nas épocas dos castros e dos castelos. Outras cuestións foron as relacionadas cos habitantes do castelo: Emilia Pardo Bazán e o Marqués de Cavalcanti; como era A Coruña de Emilia Pardo Bazán ou como foi a evolución histórica de Santa Cruz. A mesa redonda "Recuperar a memoria" pechou o curso.

Organiza: CEIDA.

Colabora: Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Dirección Xeral de Turismo. Deputación da Coruña.

O xardín do castelo de Santa Cruz

Seminario sobre os recursos do xardín do castelo de Santa Cruz

17 de xullo do 2003

Este seminario estimulou a posta en valor dos recursos do xardín do castelo de Santa Cruz.

Tratáronse a fondo temas como o deseño dos xardíns, os xardíns europeos e americanos, o xardín romántico ou as árbores do xardín. Así mesmo, puxéronse exemplos de xardíns paradigmáticos e de como aproveitalos.

Organiza: CEIDA.

• Participación social e voluntariado

2.as Xornadas de voluntariado: Os novos retos da acción voluntaria e a participación cidadá

23 e 24 de novembro do 2001

Estas xornadas, realizadas en novembro do 2001 e organizadas polo Departamento de Asuntos Sociais do Concello de Oleiros en colaboración co CEIDA, tiveron como obxectivo divulgar a actualidade do fenómeno do voluntariado e poñer de manifesto a súa necesidade de xestión, coordinación e promoción e os eidos sociais máis necesitados da acción voluntaria e da participación cidadá.
Tratáronse temas como os novos retos da acción voluntaria e da participación cidadá, a situación do voluntariado en Galicia ou a cooperación internacional. A exposición de experiencias para o voluntariado e para a participación cidadá pecharon o acto.

• Adestramento social

Curso de habilidades sociais

15 e 16 de marzo do 2002

Coa finalidade de que os voluntarios da Oficina de Acción solidaria e da comunidade universitaria adquirisen os coñecementos, actitudes e destrezas necesarias que lles permitisen desenvolver unha conduta habilidosa e poñela en práctica nas relacións co contorno, a Oficina de Acción Solidaria da Universidade da Coruña organizou coa colaboración do CEIDA este curso de habilidades sociais. Prentendeuse, así mesmo, que sexan capaces de descubrir condutas patolóxicas en si mesmos e nas persoas coas que colaboran nos programas de voluntariado, e axudarlles na súa corrección. O curso partiu do concepto de habilidade social, das súas compoñentes e de como avalialas.
O adestramento nas habilidades sociais e como aplicar este adestramento cerraron o curso.



• Estratexias para animadores sociais

Curso de animación sociocultural

10 e 11 de maio do 2002 e 28 e 29 de xuño do 2002

A oficina de Acción Solidaria da Universidade da Coruña en colaboración co CEIDA organizou en xuño do 2002 este curso de animación sociocultural destinado ao grupo de Voluntarios da Oficina de Voluntariado e da comunidade universitaria coa finalidade de que adquirisen os coñecementos, estratexias e técnicas necesarias para poder animar, nun momento determinado, a persoas de moi diversas idades. Ao mesmo tempo, preténdese que aprendan a traballar a psicomotricidade e a memoria con estas persoas.

O curso abarcou os distintos aspectos da animación sociocultural e, en concreto, o traballo cos grupos, dinámicas e estrutura. O guía mediador, os modelos de actuación, técnicas e xogos grupais, (como os xogos de presentación, coñecemento, comunicación, cooperación, distensión, resolución de conflitos e de avaliación de resultados).

• Coordinarse para intervir

Seminario sobre intervención comunitaria e desenvolvemento rural

27, 28 e 29 de outubro do 2004

No mes de outubro do ano 2004 celebrouse este seminario, organizado pola Asociación Terra das Mariñas en colaboración co CEIDA, que tratou de establecer o marco metodolóxico do proceso do desenvolvemento rural, así como de tender "pontes de coordinación" entre os diferentes técnicos que traballan no territorio de Terra das Mariñas como paso básico para artellar programas e políticas de ámbito comarcal. Marco Marchioni, sociólogo e experto internacional en Intervención Comunitaria foi o relator do encontro.
O contexto e os protagonistas da intervención comunitaria, os principios básicos e os elementos definitorios do proceso comunitario, a comunidade como unidade de intervención (territorio, poboación, demandas e recursos), xunto coa metodoloxía da intervención comunitaria: información, coordinación, estudo/coñecemento participativo, programación e avaliación e os instrumentos da intervención comunitaria: ficheiro comunitario, guías de recursos, monografías e diagnose comunitaria, programas, cronogramas etc., experiencias actuais de intervención comunitaria foron os asuntos tratados no seminario. A Axenda 21 local pechou este encontro.

DIVULGACIÓN AMBIENTAL

• Perspectivas de futuro da educación ambiental

Perspectivas educacionais en Río +10

O profesor Marcos Reigota, da Universidade Socoroba de Brasil falou, en marzo do 2002 no castelo de Santa Cruz e ante máis de sesenta persoas, entre educadores ambientais e profesores, da importancia dos problemas do medio natural na actualidade e o papel da educación ambiental como instrumento para xerar actitudes e valores comprometidos co medio natural.
A conferencia foi organizada polo CEIDA.

• Que é a bioelectricidade?

Peixes eléctricos. O peixe torpedo

O CEIDA e o Instituto de Medios Mariños da Universidade da Coruña organizaron a presentación do vídeo *Peixes eléctricos. O peixe torpedo* que tivo lugar o 11 de xullo do 2002 ante decenas de especialistas en bioloxía, divulgadores e documentalistas da natureza. Centrado na bioloxía e no comportamento dos peixes eléctricos, en concreto o peixe torpedo, este vídeo pretende descubrir e promover o coñecemento destes animais fascinantes e sorprendentes e, ao mesmo tempo, propoñer un xeito de facer documentais de natureza que permitan divulgar o coñecemento científico de forma didáctica.



A loita ecolóxica dos seringueiros no Amazonas

A territorialidade seringueira e a traxectoria de Chico Mèndes

Este encontro, organizado polo CEIDA e no que colaboraron o Concello de Oleiros, a Universidade de Vigo e ADEGA, celebrouse o 23 de marzo do 2002 ante máis de cincuenta persoas interesadas na figura de Chico Mèndes pola súa defensa dos recursos naturais e do modo de vida dos seringueiros. O doutor Carlos Walter Porto Gonçalves, profesor de Xeografía Humana da Universidade Federal Fluminense de Brasil e colaborador persoal de Chico Mèndes, falou sobre a rexión do Amazonas, a importancia que esta ten como o maior pulmón do planeta, sobre o mundo dos seringueiros e a loita político-ecolóxica que manteñen e sobre a figura de Chico Mèndes.

• A loita pola supervivencia nas selvas do Perú

Os indios ashaninkas da selva central do Perú

Guillerme Ñaco, dirixente indíxena, representante dunha confederación de tribos amazónicas da selva central do Perú veu a Santa Cruz traído pola Fundación Paz y Solidaridad (Comisións Obreiras) e polo Concello de Oleiros para falar sobre os pobos indíxenas da selva central do Perú e o seu sistema representativo.
A limpeza étnica, as ameazas á supervivencia e ao seu modo de vida tradicional cun modelo de desenvolvemento sostible e a loita que manteñen por conservar o seu patrimonio cultural centraron a disertación ante un público interesado nos dereitos humanos e na protección das culturas ameazadas, como a dos indíxenas do amazonas, e preocupados polo desenvolvemento sostible.



• Monarcas en Galicia

A bolboreta monarca en Galicia

Eliseo Higinio Fernández Vidal, experto lepidopterólogo galego, membro do Grupo Naturalista Hábitat e autor de numerosos artigos científicos sobre lepidopteroloxía galega, ademais do libro *Bolboretas diúrnas de Galicia*, expuxo, ante numerosos biólogos especialistas en lepidopteroloxía, naturalistas, ecoloxistas e mestres, a bioloxía da bolboreta monarca, a nutrición e a reprodución e os seus costumes migratorios así como a razón da súa presenza en Galicia e o descubrimento de colonias deste lepidóptero en México.
A conferencia, que foi organizada polo CEIDA e contou coa colaboración do Grupo Naturalista Hábitat, celebrouse no castelo de Santa Cruz o 30 de outubro do 2002.



• Conservar as áreas protexidas

O reto da conservación das áreas protexidas no século XXI

O reto pola conservación das áreas protexidas e a presentación do organigrama da Unión Mundial para a Natureza foi o tema da conferencia ofrecida por Andrés F. Alcántara Valero, membro da UICN desde 1989 e que, actualmente, é o responsable do Programa de Áreas Protexidas do Centro de Cooperación do Mediterráneo desta organización que inclúe 21 países da conca mediterránea; é, así mesmo, responsable do programa de cooperación Azahar, promovido pola Axencia Española de Cooperación Internacional (AECI) e a UICN.
A conferencia foi organizada polo CEIDA e celebrouse o 26 de xuño do 2003.



• Contos de morcegos

A educación ambiental
e a conservación dos morcegos

A Coordinadora de Educación Ambiental do Programa para a Conservación dos Morcegos Migratorios (PCMM) de México e EUA, Laura Navarro Noriega, veu o 29 de xullo do 2003 a Santa Cruz traída polo CEIDA co fin de dar a coñecer o labor desenvolto en México e nos EUA pola conservación e protección dos morcegos. Presentou catro libros de contos nos que se explican as características dos morcegos segundo a súa alimentación. Con este programa preténdese protexer, entre outros, os morcegos que durante o inverno se trasladan das covas de Estados Unidos ás de México. A súa misión é ensinarlle á xente o valor dos morcegos para protexer e conservar os seus hábitats e avanzar no seu coñecemento, mentres se busca unha solución que beneficie a xente e os morcegos.

• Aves da Limia

Vertebrados da Limia

O 20 de novembro do 2003 presentouse o tomo I do libro *Vertebrados da Limia, dende a lagoa de Antela ós nosos días*. I - *Aves: Gaviformes a Piciformes.* Foi editado por Limaia Producciónes. Os seus autores son Antonio Villarino, Serafín González e Felipe Bárcena.

• A relación entre a cultura e a sostibilidade

Culture, Environmental Action and Sustainibility

Ricardo Mira, profesor de Psicoloxía Social e Ambiental, da Unidade de Investigación Persoa-Ambiente da Universidade da Coruña presentou o libro *Cultura, acción ambiental e sostibilidade* do que foi editor xunto a José María Barja Pérez, reitor da Universidade da Coruña, M.ª Dolores Canedo Gunturiz, decana da Facultade de Ciencias da Educación, David L. Uzzall, catedrático da Universidade de Surrey e presidente da IAPS, e Carlos Vales Vázquez, director do CEIDA
No libro trátanse os seguintes temas: cultura, calidade de vida e globalización; acción ambiental e participación; sustibilidade urbana e diversidade cultural; nenos e medio natural; terceira idade e medio natural.

O acto, celebrado o 17 de febreiro de 2004, foi organizado pola Universidade da Coruña, Unidade de Investigación Persoa-Ambiente, o IAPS (Internacional Association for People-Enviroment Studies) e o CEIDA.

• Conservar a biodiversidade nos humidais americanos

Grandes humidais americanos: o Chaco e o Pantanal

Esta conferencia celebrada o 1 de abril do 2004 e organizada polo CEIDA e a Universidade de Santiago de Compostela, tratou sobre O Chaco e o Pantanal, que son dous dos humidais máis importantes do planeta.
O Chaco é unha chaira situada entre Bolivia, Paraguai e Arxentina de 1 millón de km^2 con pouco ou ningún desenvolvemento da agricultura, que fai moi fácil a súa conservación.
O Pantanal ten 140 000 km^2 e toda a vexetación, así como as actividades humanas, están determinadas polo ciclo das inundacións.
O relator, Jorge Adámoli, profesor de Ecoloxía Rexional na Facultade de Ciencias Exactas e Naturais da Universidade de Buenos Aires, ten publicados máis de 100 traballos científicos sobre espazos naturais suramericanos, en especial, sobre os humidais. Participou en máis de 150 congresos e reunións, nacionais e internacionais sobre ecoloxía, biodiversidade e conservación. Actualmente é o responsable do programa Home e Biosfera (Man and Biosphere-MAB) da UNESCO e das Reservas da Biosfera para Latinoamérica.

• Marcha mundial de mulleres

Ecofeminismo: mulleres e natureza

A Marcha Mundial das Mulleres pasou por Galicia no ano 2004 co lema: "¡Diferentes si, desiguais non!"
Este foi o eixe da conferencia que Carme Adán Villamarín, doutora en Filosofía pola Universidade de Santiago, deu en maio nas instalacións do CEIDA no castelo de Santa Cruz. O tema tratado pola conferenciante, "a sostenibilidade ecolóxica: alternativas feministas", foi tamén o título dun dos foros desta Marcha Mundial de Mulleres.

• Protección dos ecosistemas acuáticos

A nova política europea de auga e as súas implicacións cara á protección e a xestión dos ecosistemas acuáticos en Galicia

Asger Olsen é co-redactor da Directiva Marco de Augas e na súa carreira profesional desenvolveu distintos postos tales como asesor de Medio Ambiente da Representación Danesa na Unión Europea, experto na Dirección Xeral de Medio Ambiente da Comisión Europea, membro da Axencia Danesa de Protección Ambiental, ou mesmo, consultor na Dirección Xeral de Medio Ambiente para a Comisión Europea en temas de protección mariña. Actualmente é asistente científico na Universidade de Vigo contratado pola Consellería de Medio Ambiente e Augas de Galicia.

Isabel Pardo é profesora do Departamento de Ecoloxía da Universidade de Vigo e experta no coñecemento dos valores dos nosos sistemas fluviais e na aplicación da directiva marco da auga en Galicia e, tamén, nos sistemas acuáticos galegos.

• Un modelo integral para o litoral galego

Bases doutrinais e xurídicas para un modelo de xestión integrada e sostible do litoral de Galicia

O tres de xuño do 2004 presentouse o libro *Bases doctrinales y jurídicas para un modelo de gestión integrada y sostenible del litoral de Galicia* de Francisco Javier Sanz Larruga, Premio de Investigación en Medio Natural e editado pola Xunta de Galicia na colección Técnica Medio Ambiente. O estudo trata sobre a xestión integrada do litoral e o marco xurídico para a xestión integral das costas no dereito español; facendo unha aproximación a un modelo de xestión integrada e sostible.
Xunto a el estiveron José Luis Meilán, ex-reitor da Universidade da Coruña, Francisco Maseda, director do Centro de Desenvolvemento Sostible (Consellería de Medio Ambiente) e Carlos Vales, director do CEIDA.
O acto foi organizado pola Consellería de Medio Ambiente, polo Centro de Desenvolvemento Sostible, pola Universidade da Coruña e polo CEIDA.

• Ruído, ruído, ruído…

Contaminación acústica. O ruído nas cidades e nas vilas

Esta conferencia divulgativa, organizada pola Consellería de Medio Ambiente e o CEIDA, tivo como escenarios o IES A Cachada de Boiro e o CPI Ramón Piñeiro (Láncara), en xuño e novembro do 2004. Sonia Pazos Vieiro, é licenciada en Bioloxía pola Universidade da Coruña e membro do equipo de Educación Ambiental do CEIDA. A súa conferencia sentou as bases do que é o ruído, definindo o son e marcando as súas compoñentes, ondas sonoras, frecuencia e intensidade. Atendeu aspectos como o da medición do ruído, as fontes de ruído e os seus efectos, como loitar contra el… A lei do ruído foi o último dos aspectos tratados.

• Os indicadores biolóxicos

Os seres vivos como indicadores de contaminación

Sonia Pazos Vieiro, licenciada en Bioloxía pola Universidade da Coruña e membro do equipo de Educación Ambiental do CEIDA, disertou sobre os seres vivos como indicadores de contaminación, dentro do programa de Educación Ambiental organizado pola Consellería de Medio Ambiente para o ano 2004. O IES As Ínsuas de Muros, o IES n.º I de Ribeira e o Colexio Marista Santa María de Tui foron os marcos escollidos para a realización desta actividade divulgativa. A contaminación ambiental, os métodos de control da contaminación e as especies indicadoras da contaminación foron os temas sobre os que tratou a conferencia.



• Sen ríos, sen vida

Os ríos galegos e a importancia da súa conservación

Organizada pola Consellería de Medio Ambiente dentro do seu programa para o ano 2004, esta actividade divulgativa realizouse no Centro Comarcal A Ulloa de Palas de Rei, no CEIP Julio Gurriarán do Barco de Valdeorras, no CEIP Otero Pedrayo de Vigo, no CEIP Isaac Díaz Pardo de Culleredo e no IES A Piringalla de Lugo. A relatora, Rebeca Vázquez Vázquez, é licenciada en Bioloxía pola Universidade da Coruña e membro do equipo de Educación Ambiental do CEIDA.
As características xerais dos ríos do noso país, a biodiversidade fluvial galega, os problemas dos ríos de Galicia, o uso público e a conservación dos ríos galegos, a participación para solucionar os problemas dos ríos galegos e, finalmente, o consumo responsable, foron os temas da conferencia.

• Os invasores

A introdución de seres vivos alleos

Esta conferencia divulgativa organizada pola Consellería de Medio Ambiente dentro do seu programa para o ano 2004 tivo por escenario o CEIP Condesa de Fenosa do Barco de Valdeorras.
A especies introducidas en Galicia, as vías de entrada e as causas, o perigo de introdución de especies exóticas e as súas consecuencias, a interacción entre especies invasoras e autóctonas, as formas de control, o impacto humano sobre o ambiente e a responsabilidade social e boas prácticas, foron os temas que Rebeca Vázquez Vázquez, licenciada en Bioloxía pola Universidade da Coruña e membro do equipo de Educación Ambiental do CEIDA, desenvolveu nas súas intervencións.

• Crise…?, que crise?

A busca de solucións á crise ambiental

Os antecedentes históricos do movemento ambientalista, as contribucións ao coñecemento da crise ambiental e as obras de referencia e os organismos e acordos internacionais sobre conservación da natureza foron o tema da conferencia desenvolvida o 31 de marzo de 2005 no IES A Granxa de Ponteareas e organizada polo CEIDA. O seu relator, Carlos Vales Vázquez, é biólogo e director do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia.



EXPOSICIÓNS

Territorio Ashaninka

do 30 novembro ao 20 decembro do 2001

A través de vinte paneis con fotografías de Xosé Abad e textos de Fernando S. Cabeza preséntasenos a realidade do pobo ashaninka e as graves agresións contra as que teñen que loitar para manter o seu modo de vida en equilibrio co seu contorno, a selva amazónica do Perú.

Produce:
Xosé Abad e Fernando S. Cabeza.

Organiza:
Fundación Paz e Solidariedade, CEIDA e Concello de Oleiros.



Enerxías renovables

do 1 de maio ao 5 de xuño do 2002

Nesta exposición de vinte paneis faise un percorrido polas fontes de enerxía actuais, comparando as non-renovables coas renovables, facendo fincapé nas consecuencias ambientais da súa explotación e analizando o consumo enerxético da nosa sociedade.

Produce:
Consellería de Medio Ambiente.

Organiza:
Consellería de Medio Ambiente e CEIDA.

Galicia, paraíso de biodiversidade

do 1 de maio ao 25 de xuño do 2002

Os dez paneis desta exposición ofrecen unha panorámica da riqueza da biodiversidade mariña e terrestre de Galicia.

Produce:
Consellería de Medio Ambiente.

Organiza:
Consellería de Medio Ambiente e CEIDA.

As cores do mar de Galicia

do 22 de xaneiro ao 22 de febreiro do 2003

Un audiovisual —*Baixo as ondas das rías*— e medio cento de fotografías de Xosé Luís González descríbennos a biodiversidade biolóxica que agochan as nosas costas, que con case 1500 Km presentan unha enorme variedade de espazos litorais. Esta gran riqueza, en termos de biodiversidade, proporciona unha enorme cantidade de recursos dos que aínda agora estamos a comprender o seu potencial.

Produce:
Obra Social CAIXANOVA.

Colabora:
Concello de Oleiros e CEIDA.

Paisaxes con vida

do 14 de outubro ao 11 de novembro do 2004

O fotógrafo de natureza Antonio Manzanares recolle a través de 108 fotografías presentadas en 12 paneis, os principais valores ambientais dos seis ecosistemas máis significativos de Castela-A Mancha.

Produce:
Fundación de Cultura y Deporte de Castilla-La Mancha, Caja Castilla-La Mancha e Junta de Comunidades de Castilla-La Mancha.

Colabora:
CEIDA

O valor das zonas húmidas de importacia internacional (RAMSAR)

do 1 de maio ao 5 de xuño do 2002

Os 25 paneis que compoñen esta exposición danlles un repaso aos principais valores ambientais dos espazos naturais protexidos de España baixo o convenio Ramsar de protección de zonas húmidas. España conta con 49 humidais protexidos, dos que 5 deles son galegos.

Produce:
Amigos de la Tierra - Friends of the Earth.

Organiza:
CEIDA, Amigos de la Tierra- Friends of the Earth.

A nova arte sacra

do 12 de xullo ao 3 de agosto do 2002

Particular visión da figura de Cristo exposta mediante vinte "esculto-pinturas" do artista plástico José M.ª Kaydeda. O autor utiliza obxectos encontrados, como pedras ou madeira, ferro e outros materiais procedentes de desmantelamentos ou derrubas.

Produce:
José M.ª Kaydeda.

Organiza:
Concello de Oleiros e José M.ª Kaydeda.

Esquecidos por Noé

do 1 de xullo ao 22 de agosto do 2003

Expóñense espectaculares reproducións anatómicas tridimensionais dalgúns dos mamíferos que poboaron a Península Ibérica hai 20 millóns de anos.
A mostra complétase con paneis nos que se reproducen os hábitats destes animais extintos, a súa alimentación, locomoción…

Produce:
Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), Museo de Historia Natural (Madrid) e Obra Social CAIXA GALICIA.

Colabora:
Concello de Oleiros e CEIDA.

Interpretación da illa e castelo de Santa Cruz polos alumnos da escola de arte Pablo Picasso

do 17 de marzo ao 19 de abril do 2003

Os alumnos e as alumnas da Escola de Arte "Pablo Picasso" da Coruña amósannos a súa visión do castelo de Santa Cruz, plasmada nos 27 cadros, óleos e acuarelas que compoñen esta exposición.

Produce:
Escola de Arte "Pablo Picasso".

Colabora:
CEIDA.

Marea negra

do 5 de xuño ao 30 de xuño do 2003

As trinta e oito fotografías de Federico García Cabezón amósannos as consecuencias do impacto da marea negra provocada polo afundimento do *Prestige* no litoral entre o Roncudo e Touriñán nos primeiros meses da catástrofe. A exposición comeza con 3 instantáneas que lembran o desastre do *Mar Exeo*, ocorrido 10 anos antes.

Produce:
Federico García Cabezón.

Colabora:
CEIDA.





Oleiros e medio

do 1 de maio ao 31 de xuño do 2003

Mostra que repasa a significación
e o percorrido do Concello de Oleiros
na defensa do medio natural
e a sostibilidade ambiental.

Produce:
Concello de Oleiros.

Colabora:
CEIDA.



A través do tempo. A historia do castelo de Santa Cruz

do 22 de abril ao 3 de xuño do 2004

Exposición permanente que fai un repaso dos máis de catrocentos anos de historia do castelo de Santa Cruz, desde os seus inicios como defensor da baía da Coruña ata a actualidade, sede do CEIDA e defensor da conservación, do estudo e da divulgación do medio natural.

Produce:
CEIDA.

Colabora:
Casa-Museo de Emilia Pardo Bazán, Real Academia Galega, Fundación Pedro Barrié de la Maza, Organismo Autónomo Municipal de Cultura do Concello de Oleiros, Centro Municipal de Formación "Isaac Díaz Pardo", Grupo Sargadelos.





Cetáceos de Galicia

do 4 de xuño ao 19 de xullo do 2004

Nove pinturas de Marcos López que representan os cetáceos mariños máis frecuentes nas costas de Galicia.
Produce:
Marcos López.

De Aguas de La Coruña a EMALCSA: 100 anos na historia da traída

do 7 de xullo ao 19 de xullo do 2004

A historia da traída de augas da Coruña fixo cen anos e, mediante esta exposición, EMALCSA e o Concello da Coruña danlle un repaso á evolución do servizo de abastecemento de auga nesta cidade, que comezou xa no século XV. Pezas e maquinaria completan a exposición.
Produce:
EMALCSA e Concello da Coruña.
Colabora:
CEIDA.

Galicia en foco

do 8 de agosto ao 23 de agosto do 2002
do 2 de setembro ao 16 de setembro do 2004

Exposicións fotográficas de fotoxornalistas galegos de temática variada que mostran as inquietudes políticas, sociais, culturais e etnográficas da sociedade actual galega.

Produce:
Club de Prensa de Ferrol,
Asociación "Amigos de Oleiros".

Colabora:
Concello de Oleiros e CEIDA.



As mellores fotografías dos 25 anos de Hábitat

do 4 de febreiro ao 3 de marzo do 2005

Con medio cento de fotografías da fauna galega, que prestan especial atención ás aves, o grupo naturalista Hábitat conmemora os seus 25 anos de historia. O obxectivo de achegar a realidade natural galega comporta un alto valor artístico e científico, pois amosan moitas especies difíciles de observar e que sobreviven en espazos ameazados.

Produce:
Grupo Naturalista Hábitat.

Organiza:
CEIDA.

Colabora:
Aquarium Finisterrae, Museos Científicos Coruñeses e Concello da Coruña.



Mans salgadas

do 21 de xullo ao 28 de agosto do 2004

Esta exposición de 80 fotografías de Javier Teniente, en gran formato, conta oito historias relacionadas co mundo do mar. A fabricación dun barco ou a venda do peixe na lonxa e, por suposto, a dura vida a bordo dun barco de pesca son un exemplo da vida detida nas súas imaxes. Esta mostra lembra a importancia do mar na nosa sociedade e a importancia da súa conservación.

Produce:
Javier Teniente e CAIXANOVA.

Colabora:
CEIDA.

A memoria do espello

do 2 de xullo ao 19 de xullo do 2004

13 fotografías de gran formato que amosan diferentes aspectos da natureza que nos arrodea desde unha óptica máis artística ca científica.

Produce:
Xavier Sanz Larruga.

Día Mundial do Medio Ambiente: o mar e os seus recursos

do 4 de xuño ao 23 de xuño do 2004

No ano 2004, o Día mundial do Medio Ambiente estivo dedicado aos mares e aos océanos baixo o lema: "¡Se buscan! Mares y océanos. ¿Vivos o muertos?" Con este motivo o CEIDA realizou unha serie de actividades divulgativas das que formou parte esta exposición conformada por diversas mostras biolóxicas, carteis, produtos derivados dalgún compoñente mariño e bibliografía escollida sobre os mares e os océanos, para concienciarnos da necesidade de conservar este medio natural e amosar a súa riqueza e os seus recursos.

Produce:
CEIDA.

Colabora:
Consellería de Medio Ambiente,
Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos,
Grupo GADISA
Fernando Fernández Lozano e Marcos López.





Fotógrafos da Natureza 2003

do 30 de xullo ao 17 de agosto do 2003

94 fotos seleccionadas do concurso anual que premia os mellores fotógrafos da Natureza no concurso Wildlife Photographer of the Year 2003. Estas imaxes mostran a beleza, o esplendor e a diversidade do medio natural, pero tamén denuncian as ameazas que está a sufrir.

Produce:
BBC, The Natural History Museum (Londres), Wildlife Magazine, BG Group, Obra Social CAIXANOVA.

Colabora:
Concello de Oleiros e CEIDA.



Fotógrafos da Natureza 2004

do 17 de novembro ao 5 de decembro do 2004

109 imaxes galardoadas escollidas das máis de 20 000 fotografías de 60 países que participaron no concurso "Wildlife Photographer of the Year 2004".

Produce:
Museo de Historia Natural de Londres, BBC Wildlife, BG Group e CAIXANOVA.

Colabora:
Concello de Oleiros e CEIDA.

Cuspindo a barlovento

do 10 de marzo ao 4 de abril do 2005

As fotografías de Sendón sobre o afundimento do *Prestige* recollidas nesta exposición son unha das miradas máis incisivas sobre a catástrofe e a impactante "marea branca" de voluntarios que desde todos os lugares viñeron socorrer as nosas costas. Os materiais desta exposición están extraídos do libro do mesmo título.

Produce:
Manuel Sendón

Organiza:
CEIDA

Sobre o autor

Manuel Sendón naceu na cidade herculina no ano 51, é licenciado en Matemáticas e doutor en Belas Artes. Actualmente, imparte clases de fotografía na facultade de Belas Artes de Pontevedra e dirixe un grupo de investigación fotográfica na Universidade de Vigo, labor que compaxina coa actividade artística que desenvolve desde o ano 1983. A exposición "Cuspindo a barlovento" inaugurouse no 2003 no Museo do Pobo Galego en Santiago de Compostela e expúxose na Galería C5Colección desta cidade, no museo da Imagen de Braga (Portugal), no festival de fotografía de Noorderlicht, en Groningen (Holanda) e no Pazo de Exposicións e Congresos de Pontevedra. No ano 2004, mostrouse ao público en Porto (Portugal) no Espaço Silo, organizado polo Centro Portugués de Fotografía e tamén na Side Gallery de New Castle (Inglaterra) e, no ano 2005, expúxose en Vigo, no Museo do Mar.



O rei dos monos

do 12 de abril ao 27 de maio do 2005

Unha viaxe polo proceso evolutivo do home, desde o *australophitecus* ata o *homo sapiens*.
A exposición está composta por 23 paneis, 9 vitrinas con reproducións de cranios que mostran o proceso evolutivo dos homínidos. 8 reproducións en tamaño real de parellas de homínidos, desde o Australophitecus ata o Homo sapiens.

Produce:
Fundación de Cultura y Deporte de Castilla-La Mancha

Organiza:
CEIDA

Colabora:
Deputación da Coruña e Caixanova.

Matemáticas para pasalo ben

do 9 de maio ao 13 de maio do 2005

Esta exposición pretende achegar as matemáticas dunha forma lúdica e entretida. Contén materiais manipulativos cos que traballar contidos matemáticos: Libro de espellos, tangram, soma, xogo topolóxico, de paíños… Compleméntase cun vídeo sobre as matemáticas na vida cotiá.

Produce:
Asociación Galega de Profesores de Ensino Matemático (AGAPEMA).

Organiza:
Concello de Oleiros.

Colabora:
CEIDA.

Ecos da creación

do 13 de xullo ao 21 de agosto do 2005

50 fotografías realizadas por Manuel Lemos sobre película diapositiva de alta definición e saturación, tomadas nun período de varios anos, nas distintas estacións e, na súa meirande parte, en zonas de interese natural e paisaxístico de Galicia. As imaxes distribúense en cinco apartados: *xénese, luz creadora, auga e vida, espírito arbóreo* e *final*. As fotografías acompáñanse con textos do autor.

Produce:
Manuel Lemos.

Colabora:
CEIDA.



Naturezas mesturadas 2005

do 11 de outubro ao 12 de novembro do 2005

60 fotografías que comparan e contrastan as realidades culturais, antropolóxicas e paisaxísticas de Galicia e doutras partes do mundo. Manuel Barral achéganos ao pobo e á natureza galega a través do fondo mariño de Fisterra, das marismas de Baldaio, do nacemento do Miño… Pola súa banda, Xela S. Lariño fai un percorrido por lugares como a Patagonia, o parque nacional Torres do Paine (Chile), as cataratas do Niágara (Canadá) etc.

Produce:
Xela S. Lariño e Manuel Barral.

Organiza:
CEIDA.

Sobre os autores

Xela S. Lariño (Muros) é unha viaxeira entusiasta, que desde hai 20 anos captura coa súa cámara as paisaxes e as xentes daqueles lugares que visita.
Manuel Barral (A Coruña) é un apaixonado da fotografía desde os 14 anos e abrangue varias disciplinas dentro desta arte, sendo o fotoxornalismo ao que máis tempo lle dedicou. Son múltiples as exposicións individuais e colectivas, as colaboracións en xornais e tamén os premios acadados.

Présa

do 25 de agosto ao 11 de setembro do 2005

Esta exposición presenta 35 fotografías, en tres series de 5 instantáneas de 90x60 cm e 20 fotografías de 50x70 cm.
Complétase a mostra cun DVD de 11 minutos realizado polo autor. Relátase a relación do home coa sociedade e a natureza, escollendo o coche como fío condutor.
O tema céntrase na metáfora da présa dos humanos, como destrutora da natureza.

Produce:
Xacobe Meléndrez Fassbender.

Organiza:
CEIDA.

Sobre o autor

A obra fotográfica de Xacobe Meléndrez parte do compromiso co medio natural e a posta en valor do continuo enfrontamento entre o home e a materia da que nace, a devastación do contorno e a autodestrución.
Son múltiples as exposicións individuais e colectivas, os portafolios publicados en revistas fotográficas e noutros soportes e tamén os premios acadados. É fácil atopar obras súas como fotógrafo independente ou en exposicións institucionais; tamén é asiduo colaborador con organizacións non-gobernamentais.



Revela na escola

do 25 de xuño ao 9 de xullo do 2005

Mostra de fotografías e paneis explicativos do certame para os alumnos de ESO dos colexios de Oleiros. Este certame supuxo un achegamento dos máis pequenos á fotorreportaxe e a unha visión crítica da información. Os alumnos dos IES María Casares, Miraflores e Neira Vilas, presentan un proxecto sobre o tema "As migracións no Mundo".

Produce:
IES María Casares, IES Neira Vilas, IES Miraflores.

Organiza:
Concello de Oleiros.

Patrocina:
Obra Social Caixa Galicia e Fundación Paideia.

Colabora:
CEIDA.

África espiritual

do 15 de setembro ao 8 de outubro do 2005

Esta exposición mostra a obra artística e a colección de esculturas e pezas africanas do artista Luís López. Están presentes nesta mostra unha escolma de máscaras e esculturas de diferentes etnias africanas e tamén unha colección de pinturas do autor inspiradas na figura da muller africana, como símbolo dunha cultura en perigo de perderse.

Produce:
Luís López "Gabú".

Organiza:
CEIDA.

Sobre o autor
Luís López "Gabú", nacido na Coruña, é pintor, fotógrafo artístico e viaxeiro solitario. Baseou a súa obra, pictórica e fotográfica, no influxo das súas estancias na África Subsahariana (Guinea-Bisau, Guinea e Mauritania etc.), así como en Haití e na rexión do Amazonas en América.



As exposicións tamén viaxan

Algunhas exposicións deseñadas e producidas polo CEIDA en colaboración con outras institucións están tamén pensadas para moverse de xeito itinerante a disposición de todas as entidades que o desexen e o soliciten.

Operación Monarca

ITINERANTE

Esta exposición producida polo CEIDA dá a coñecer esta curiosa bolboreta migratoria que nas súas longas viaxes chega ás nosas costas desde o outro lado do Atlántico. Os paneis ofrecen información sobre o seu ciclo biolóxico, as súas migracións e a súa historia científica. Tamén se expoñen 3 furnas con exemplares capturados e material publicitario e bibliográfico sobre a bolboreta. Toda a exposición pretende estimular a saída ao campo para observar este espécime e fomentar o contacto coa natureza.

Produce:

CEIDA

Colabora:

D. Eliseo H. Fernández Vidal

Itinerancia:

15/11/2004 ao 22/11/2004 CEP PILAR MAESTÚ SIERRA
24/11/2004 ao 01/12/2004 CEP MALLÓN
03/12/2004 ao 14/12/2004 CEIP PRAIA DE QUENXE
16/12/2004 ao 23/12/2004 IES TERRA DO XALLAS
10/01/2005 ao 13/01/2005 IES AS MARIÑAS
14/01/2005 ao 30/01/2005 XARDÍN BOTÁNICO O BURGO
01/02/2005 ao 09/02/2005 IES CAMPO SAN ALBERTO
11/02/2005 ao 18/02/2005 IES DIONISIO GAMALLO FIERROS
24/02/2005 ao 03/03/2005 CEIP DO PINDO
07/03/2005 ao 16/03/2005 IES CRUCEIRO BALEARES
29/03/2005 ao 05/04/2005 IES Nº2 ORDES
07/04/2005 ao 14/04/2005 IES SAN TOMÉ DE FREIXEIRO
18/04/2005 ao 25/04/2005 CEIP LABARTA POSE
27/04/2005 ao 06/05/2005 CPI PECALAMA
09/05/2005 ao 16/05/2005 IES ALFONSO X O SABIO
16/05/2005 ao 23/05/2005 CEIP CHANS- BEMBRIVE
25/05/2005 ao 31/05/2005 IES PASTORIZA
02/06/2005 ao 08/06/2005 CPI AURELIO M REY GARCÍA
10/06/2005 ao 17/06/2005 CEIP MESTRES GOLDAR
21/06/2005 ao 27/06/2005 CEIP SAN ISIDRO
28/06/2005 ao 15/07/2005 CASA DO POBO DE NEDA
29/09/2005 ao 14/10/2005 CEIP PORTONOVO - SANXENXO
18/10/2005 ao 28/10/2005 IES MONTE DA VILA - O GROVE
04/11/2005 ao 16/11/2005 IES VILAR PONTE - VIVEIRO
21/11/2005 ao 5/12/2005 CEIP LAGATELLE - GUITIRIZ
9/12/2005 ao 22/12/2005 IES ISAAC DÍAZ PARDO- SADA

Prestige, *crónica negra dun modelo enerxético sostible*

do 31 de maio ao 9 de xullo do 2005

Dous anos despois da catástrofe do *Prestige*, esta exposición, producida polo CEIDA, fíxonos reflexionar sobre o modelo enerxético da sociedade actual dependente do petróleo e as súas consecuencias, sendo a marea negra unha das máis evidentes, pero non a única, o que nos leva a unha profunda reflexión sobre o mar e o uso do noso litoral. A exposición fai unha forte aposta por un desenvolvemento máis harmonioso coa consecución dos nosos recursos e incide, especialmente, na importancia de facer un consumo enerxético máis racional e responsable.

Produce:
CEIDA.

Patrocina:
Fundació Territori i Paisatge.

Itinerancia:

CPI FONTE DÍAZ– TOURO do 29/9/2005 ao 10/10/2005.

ASOCIACIÓN TERRACTIVA–LALÍN do 13 ao 19/10/2005.

IES MONELOS–A CORUÑA do 21 ao 28/10/2005.

ADEGA-SANTIAGO Galería Sargadelos do 12 ao 25/11/2005.

ADEGA–LUGO Galería Sargadelos do 28/11 ao 15/12/2005.

PUNTO DE ENCONTRO

• Asemblea constituínte da SGEA

Xuntanza fundacional da Sociedade Galega de Educación Ambiental

Despois de varias xuntanzas preparatorias, onde se debateu o carácter e os obxectivos da SGEA, tratábase de pechar o ciclo constitutivo e darlle un pulo á nova etapa legal da sociedade, polo que os socios fundacionais da Sociedade Galega de Educación Ambiental celebraron esta xuntanza coa finalidade de aprobar os Estatutos e elixir a Xunta Directiva.

• Centenario da morte de Víctor López Seoane

Presentación do número 7 da revista Ingenium

Coas intervencións de Xosé A. Fraga, Javier Dosil, Eliseo H. Fernández Vidal, Pedro Galán, Francisco Díaz-Fierros e Isaac Díaz Pardo, presentouse en maio do 2002 o volume n.º 7 da revista *Ingenium*: *Caderno de Historia das Ciencias e das Técnicas*, unha monografía que, co título "Os Naturalistas", vai dedicado á figura do naturalista galego Víctor López Seoane (1832-1900), na conmemoración do centenario da súa morte. O acto foi organizado polo CEIDA, o Seminario de Estudos Galegos e Ediciós do Castro.



• Unha arquitectura para a vida

Tendencias nas intervencións no patrimonio arquitectónico

Dirixido a arquitectos e estudantes de arquitectura. e organizado pola Universidad Internacional Menéndez Pelayo en colaboración co CEIDA, a Universidade da Coruña, a Deputación da Coruña, e o Ministerio de Educación y Cultura tivo lugar este encontro no Castelo de Santa Cruz, coa finalidade de analizar as características, os procedementos, as técnicas e os límites da restauración arquitectónica no patrimonio histórico, cunha atención especial aos espazos arquitectónicos galegos.
Os contidos deste acto centráronse nas tendencias actuais nas intervencións no patrimonio arquitectónico e en cascos históricos de pequenos núcleos urbanos. Puxéronse exemplos dalgunhas das intervencións no patrimonio cultural galego e pechouse coa disertación: "Arquitectura, vida e morte dun patrimonio cultural".

• Sentir a literatura

5.º Congreso Internacional da Asociación Española de Estudios literarios hispanoamericanos "La literatura hispanoamericana con los cinco sentidos"

O CEIDA serviu en outubro do 2002 de punto de encontro para a Asociación Española de Estudios Literarios Hispanoamericanos para analizar, presentar e debater sobre a obra literaria dunha morea de autores latinoamericanos que empregan elementos sensoriais na súa composición. Así, atendeuse á imaxinación visual de César Aira ou ao cheiro e á mirada: erotismo e paixón na poesía de César Moro; ou á mirada nos contos de Inés Arredondo. Tamén se atendeu ao tema gastronómico na literatura hispanoamericana como o viño ou as *delikatessen*, os banquetes e a fame na Nova España. O acto foi organizado pola Asociación Española de Estudios Literarios Hispanoamericanos e contou coa colaboración do CEIDA, da Universidade da Coruña, da Consellería de Presidencia - Dirección Xeral de Universidades, do Instituto Galego de Cooperación Iberoamericana, do Concello da Coruña, do Concello de Oleiros e de XIADA.

• O papel do escritor na nova sociedade

Encontro Xornalismo e Literatura

En xullo do 2001 celebrouse no castelo de Santa Cruz, organizado pola Universidad Internacional Menéndez Pelayo, o encontro Xornalismo e Literatura coa finalidade de descubrir o eido común do xornalismo e da literatura nas súas fontes de inspiración, técnicas e estilos, afondando no novo xeito de facer xornalismo na sociedade actual e en relación coa figura do escritor.
O acto, ao que acudiron estudantes de xornalismo, xornalistas, escritores, novelistas, cronistas etc., atendeu aos seguintes temas: xornalismo e literatura nas novas tecnoloxías da comunicación; literatura e xornalismo na sociedade dixital; escribir e informar na sociedade da comunicación; o xornalismo na vida do escritor; xornalismo e literatura: unha fronteira borrosa; a crítica literaria nos medios de comunicación; o cambio permanente e o permanentemente efémero; e xornalismo *versus* literatura.

• Patria potestade e menores excluídos

Menores en risco de exclusión

O mes de xaneiro do 2003, a Oficina de Acción Solidaria da Universidade da Coruña contou coa colaboración do CEIDA para organizar este curso de formación con estes obxectivos: adquirir os coñecementos necesarios sobre a situación dun menor en risco de exclusión; determinar quen ten a patria potestade e a buscarlles saídas para cando cumpran a maioría de idade. Deste xeito comprenderán mellor a situación destes menores e poderán realizar o voluntariado en centros de acollida de menores. Os contidos do curso atenden a cuestións como os dereitos do menor e a lexislación actual, as figuras xurídicas e as medidas de protección de menores, a patria potestade, a garda e custodia e o protocolo de actuación ante situacións de desprotección social. Abordouse a rede de recursos e programas de actuación que se desenvolven en Galicia e prestouse especial atención ao III Plan de Apoio Integral á Familia e ao Plan Galego de Inclusión Social.





• Coordinación macrocíclica e supramolecular

Curso de doutoramento do programa de Química Ambiental

Este curso do programa de doutoramento de Química Ambiental 2003-2004 celebrouse o 21 de febreiro do 2003. Estivo dirixido aos licenciados en Química, Enxeñería Química, Física, e Farmacia e tivo como obxectivos iniciar, orientar e lograr unha formación básica no estudo da Química do medio natural, proporcionándolles aos alumnos os fundamentos teóricos, metodolóxicos, analíticos e prácticos necesarios para unha análise axeitada dos problemas inherentes á Química Ambiental. O curso atendeu de maneira case exclusiva á Química de coordinación macrocíclica e supramolecular. Foi organizado pola Universidade da Coruña: Facultade de Ciencias e contou coa colaboración do CEIDA.

• Investigar en Galicia

I Xornadas AIRS: O labor dos investigadores afeccionados: retos e dificultades

A Asociación de Investigadores "Ramón de la Sagra", en colaboración co CEIDA, organizou en setembro do 2003 estas primeiras xornadas da asociación de investigadores coa finalidade de divulgar o traballo dos investigadores independentes para fomentar o estudo e favorecer o acceso á investigación.
Investigando as Supernovas, as ciencias do mar, a Historia Científica ou a investigación como dereito constitucional foron os temas que se debateron.

• Protocolos da doazón

I Curso sobre doazón e transplante de células e tecidos



Organizado pola Oficina de Coordinación de Transplantes do Hospital Juan Canalejo, celebrouse en marzo do 2003 este *I Curso sobre doazón e transplantes*. Con este curso preténdese revisar todas as fases do proceso: dende a doazón, extracción e procesamento, ata a distribución e o implante dos tecidos, facendo fincapé nos aspectos organizativos e nos controis de calidade das células e dos tecidos humanos. Na organización do curso colaboraron CEIDA, SERGAS, ONT (Organización Nacional de Transplantes), Deputación da Coruña, Concello de Oleiros e Ministerio de Sanidade e Consumo.

• Asesorías educativas

Xornada de Formación de Asesores

Organizado polo Centro de Formación e Recursos da Coruña levouse a cabo en marzo do 2003 nas instalacións do CEIDA esta xornada de formación para asesores educativos coa intención de crear un corpo de asesores especializados para todo o sistema educativo formal. As técnicas de asesoría, o papel do asesor no centro educativo e como chegar a ser un bo asesor, así como, cal é o modelo europeo de asesorías escolares foron os contidos do encontro.

• O estrés nos profesionais sanitarios

VIª xornada de docencia lúdico-formativa sobre a síndrome de Burn-Out

A Asociación Burn-Out en profesionais da saúde, coa finalidade de celebrar a asemblea da Asociación e de diminuír o nivel de estrés á que sofren estes profesionais, organizou en maio do 2003 estas sextas xornadas de docencia lúdico-formativa.
Atendeuse, fundamentalmente, a temas como o estrés e Burn-Out, o acoso moral no traballo e o estrés, o método do corpo e da consciencia e os factores desencadeantes do estrés laboral. Pechouse o acto cun obradoiro práctico sobre o estrés.
No acto colaboraron o CEIDA e a Consellería de Sanidade e Servicios Sociais.

• A medicina física española en Europa

XXI Seminario APURF: A radioloxía e a medicina física no espazo europeo de ensino superior

Este seminario foi organizado por APURF (Asociación de Profesores Universitarios de Radioloxía e Medicina Física), polo Laboratorio de Imaxe e Diagnóstica Radiolóxica da Universidade da Coruña e polo Laboratorio de Radioloxía Dixital da Universidade de Málaga. A súa finalidade foi analizar os cambios que introduce a LOU e centrar o debate, actualmente aberto, que a universidade española debe establecer para integrarse no Espazo Europeo de Ensino Superior especificado na Declaración de Boloña e como estes procesos afectan á area de coñecemento de Radiloxía e Medicina Física. Así, o seminario atendeu á formación de equipos de traballo e á elaboración dun documento final que sentase as bases da integración da universidade española no espazo europeo.
Na organización do acto colaboraron o CEIDA e a Consellería de Sanidade e Servicios Sociais e celebrouse en maio do 2003.

• Deporte e educación

Conversacións sobre a educación física e o deporte

Co obxectivo de debater sobre os estado actual do sector deportivo e do ensino en Galicia, tivo lugar este encontro organizado polo INEF Galicia e no que colaborou o CEIDA. As charlas trataron os seguintes temas: que é a Educación Física e que é o Deporte?, a relación conceptual entre estes dous aspectos e cal é o estado actual da profesión. O acto celebrouse en xuño do 2003.

• Técnicas de poda arbórea

Prácticas do curso "Poda de trepa": Iniciación

Coa finalidade de iniciar os alumnos na poda de *trepa*, organizáronse, por parte do Centro de Formación e Experimentación Agraria de Guísamo (Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural), estas prácticas de poda nun nivel de iniciación.
A técnica de *trepa*, a técnica de poda en altura e a seguridade foron os contidos deste curso que contou coa colaboración do CEIDA na súa organización e que se celebrou en maio do 2003.

• Solucións antiparasitarias

"Antiparasitos e anestesia veterinaria"

Esta charla foi organizada por PFIZER coa finalidade de dar unha visión das técnicas antiparasitarias nos animais domésticos.
O contaxio: vectores e prácticas de risco; o diagnóstico: os parasitos máis frecuentes; o tratamento: desinfección de espazos e administración de fármacos e as solucións de PFIZER foron os contidos deste encontro que contou coa colaboración do CEIDA e que se celebrou en maio do 2003.

As viaxes de Humboldt

Presentación do libro: Mi viaje por el camino del inca *de David Yudilevich*

O 6 de xuño do 2005, organizado pola Asociación de Investigadores Ramón de la Sagra e o CEIDA, tivo lugar a presentación do libro *Mi viaje por el camino del inca* que é unha antoloxía de textos seleccionados co obxectivo de "reconstruír" a viaxe de Alexander von Humboldt polo interior de América do Sur, entre 1801 e 1802, seguindo a ruta dos incas. Esta viaxe abarca o sur da actual Colombia, Ecuador e Perú. O autor, David Yudilevich (1930), é médico e profesor da Universidade de Chile. É investigador de Historia da Ciencia en Chile, concretamente das figuras de Alexander Von Humboldt e Charles Darwin nas súas viaxes americanas.



• A seguridade no mar galego

Xornada sobre seguridade marítima

No ano 2003, o tráfico marítimo mundial moveu máis de 6 000 millóns de toneladas de mercadorías, rexistrando taxas superiores ao nivel de crecemento económico. Parece claro que esta cifra seguirá a aumentar e que o transporte marítimo vai representar un papel clave para o desenvolvemento do comercio mundial e europeo a curto e medio prazo. No caso de España, e máis concretamente de Galicia, o mar como medio de vida e de transporte é de especial relevancia, pois á amplitude do perímetro costeiro e á concentración de poboación e de actividades nas zonas de ribeira súmase a dependencia directa ou indirecta do mar. Por todo isto, a seguridade marítima é unha cuestión que merece toda a atención e sobre a que se debate moito nos últimos tempos, tendo en conta a situación xeográfica de Galicia con respecto aos tránsitos de mercadorías e pasaxeiros preto da costa. Esta situación levou á Universidade da Coruña e ao Instituto Universitario de Estudios Marítimos a organizar esta xornada de seguridade marítima na que se discutiu sobre a evolución dos mecanismos europeos de regulación e de seguridade marítima despois da catástrofe do *Prestige* e sobre as novas formulacións xurídicas relativas á seguridade marítima en España tras o caso *Prestige*. Presentáronse posibles medidas de seguridade do corredor marítimo galego e estudouse a repercusión sobre os traballadores do sector marítimo.
No acto colaboraron UGT, o Fondo Social Europeo e a Fundación Biodiversidad.

PROGRAMAS DE EDUCACIÓN E SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL

O CEIDA é un Centro de Educación Ambiental único en Galicia que presenta moitos atractivos para todas as persoas interesadas no medio natural. Situado nunha zona litoral ben conservada, acolle lugares representativos dos diversos ecosistemas litorais, así como mostras da relación destes coa actividade humana.

No seu contorno, existe unha serie de espazos naturais e lugares de especial valor interpretativo-ambiental nos que se desenvolverán as actividades propostas neste proxecto, (principalmente, as visitas):

- A Ría do Burgo é unha importante zona húmida que, malia as intervencións humanas, acolle numerosas aves acuáticas e mariñas. Presenta unha gran biodiversidade por ser un punto de confluencia de auga salgada e doce, o que posibilita tamén a cría de marisco, con extracción a pé ou en barca de importantes poboacións de moluscos. Tendo en conta a importancia do cultivo do mexillón en Galicia, outro lugar de interese é o porto de Lorbé, onde se desenvolven actividades produtivas vinculadas ao aproveitamento dos recursos mariños (bateas de mexillóns e granxas de peixes). Neste porto, existe unha pequena frota de baixura que faena dentro da ría ou preto da costa, utilizando distintas artes de pesca.
- A Costa de Dexo-Serantes forma o litoral norte do Concello de Oleiros, declarado Espazo Natural Protexido, baixo a figura de protección "Monumento Natural". Conserva determinadas especies que xa desapareceron do resto da costa oleirense e presenta unha xeoloxía singular (Seixo Branco). Nesta zona, realízanse rutas que permiten a observación dos distintos hábitats que presenta. Tamén é unha zona importante na observación de aves que crían en cantís e furnas.
- As praias de Oleiros e, como caso concreto, a illa de Santa Cruz, son espazos óptimos para a observación de aves, así como as comunidades de flora e fauna do intermareal. A baía de Santa Cruz presenta unha gran diversidade de formas de vida pola confluencia de varios ecosistemas e hábitats. A vida no intermareal ten que soportar moitos cambios debido á estiaxe e, como consecuencia disto, os organismos evolucionan con adaptacións ás condicións extremas.

• O mar e a costa, recursos valiosos para todos

Contidos

Os contidos conceptuais do programa de visitas preséntanse como catálogo ao servizo de cada un dos educadores ambientais implicados. O programa é aberto e flexible, sendo cada grupo o que determina previamente o contido preferido para a súa visita dentro do esquema central que presenta o programa.

Os contidos ofrécense como guías temáticas para traballar en cada punto de interese, segundo o criterio do educador e os elementos que en cada momento sexan visibles (por exemplo, na baixamar para traballar o intermareal):

—Ambiente mariño
- A modelaxe costeira.
- Formas de erosión.
- Movementos do mar: ondas, mareas e correntes.
- Zona intermareal.

—Mareas negras
- Mareas negras en Galicia.
- Dinámica dunha marea negra.
- Efectos do petróleo sobre o ambiente.
- Impacto nos mares.

—Biodiversidade
- Fauna e flora do litoral.
- Fauna e flora do medio mariño.
- Adaptacións ao medio.
- Conservación da biodiversidade.
- Espazos naturais no litoral galego.

—Sector pesqueiro
- Pesca tradicional: embarcacións, aparellos e artes de pesca.
- Frota pesqueira galega.
- Os caladoiros.

—Sector do marisqueo e da acuicultura
- Marisqueo a pé.
- Marisqueo en barca.
- Cultivos flotantes: bateas.
- Outros cultivos mariños.

— O mar como recurso
- Transformación e comercialización dos recursos pesqueiros.
- Sobreexplotación dos recursos pesqueiros.



Actividades

Son de carácter anual, mais algunha delas, pola estacionalidade dos recursos, están limitadas a determinados meses.

1. Monumento natural Costa de Dexo-Serantes.
2. Aula do mar.
3. Cambian os tempos, cambian as artes.
4. Os tesouros da illa de Santa Cruz.
5. Quen vive nas praias?
6. Nómades do vento (novembro-xaneiro)
7. As mariscadoras: sementadoras do mar (xaneiro-marzo)

Outras actividades:
1. Os 400 anos do castelo de Santa Cruz.
2. O bosque animado.

Os obxectivos propostos neste proxecto téntanse acadar mediante visitas guiadas aos lugares de interese ambiental do Concello de Oleiros, ampliándoas, cando resulte interesante, a outros lugares do contorno. No Castelo de Santa Cruz, sede do CEIDA, realizaranse actividades de reforzo ás visitas, como son:

- Visión de vídeos relacionados cos temas das visitas.
- Xogos multimedia baseados nas distintas problemáticas ambientais e adaptados ás distintas idades.
- Xogos cooperativos de temática ambiental que teñen como fin fomentar a conservación do medio mariño e litoral. Estes xogos tamén se poderán levar a cabo nas praias do Concello.
- Obradoiros e recollida de elementos do medio mariño.
- Exposicións relacionadas con distintos temas ambientais.

Estas actividades están totalmente abertas a modificacións segundo as idades, os intereses e as ideas do colectivo que nos visite.

Datos de participación no programa, no ano 2004:

	N.º VISITANTES	N.º GRUPOS
FEBREIRO	158	4
MARZO	383	9
ABRIL	719	17
MAIO	1093	26
XUÑO	1366	28
XULLO	460	21
AGOSTO	685	44
SETEMBRO	232	23
OUTUBRO	199	5
NOVEMBRO	369	9
DECEMBRO	214	5
TOTAL	5878	191

Evolución do número de participantes no ano 2004 (non-acumulativo).



Distribución dos participantes no ano 2004, por categorías:



Relación de participantes febreiro 2004 - febreiro 2005



Distribución dos participantes no ano 2005, por categorías:



• Coñecer o litoral (2003)

Obxectivos

- Abrir o castelo de Santa Cruz a todos os escolares de Galicia.
- Desenvolver actitudes de respecto polo medio mariño e litoral.
- Conseguir actitudes participativas na conservación e na protección do medio mariño.
- Lograr que os participantes analicen e avalíen os diversos impactos que diariamente sofren a costa e o mar.

Destinatarios

Centros educativos e colectivos de toda Galicia.

Actividades

- Visitas guiadas polo castelo de Santa Cruz e polo seu contorno (intermareal, porto, …).
- Vídeo fórum ambiental.
- Xogos multimedia.
- Xogos cooperativos ambientais.
- Obradoiros sobre o medio mariño.
- Exposicións.

No programa participaron 53 grupos cun total de 2052 participantes procedentes de centros de ensino e asociacións de toda Galicia.

Número de participantes no ano 2003, por meses:



Porcentaxe de participantes no ano 2003, por grupos:



• Separar para reciclar

A implicación da poboación do Consorcio das Mariñas é a ferramenta e a condición indispensable para que todos os esforzos realizados para dotar a comarca dun modelo sustentable de xestión dos residuos dean o seu froito. Para fomentar esta participación da cidadanía naceu o programa de educación e sensibilización ambiental "Separar para reciclar" que tivo dúas fases diferenciadas; unha primeira, sobre residuos urbanos e, unha posterior, que se desenvolveu en todos os polígonos e áreas empresariais dos concellos que conforman o Consorcio.

Datas: de decembro a xullo do 2004. Patrocinado por TECMED en colaboración co Consorcio das Mariñas.

Fase 1. Programa de educación e sensibilización ambiental sobre residuos urbanos

Obxectivos:

1. Fomentar e insistir na necesidade da participación cidadá na separación en orixe.
2. Servir de interlocutores entre as administracións locais e os veciños e veciñas do Consorcio, explorando a percepción cidadá do plan de xestión, as súas potencialidades e carencias.
3. Facer un traballo de campo que permitise coñecer a realidade da problemática dos residuos na comarca.

Máis de 7753 entrevistas realizadas nas casas dos veciños dos concellos de Abegondo, Arteixo, Carral e Oleiros e máis de 17000 vivendas recibiron os materiais informativos.

CONCELLO	CASAS VISITADAS	ENTREVISTAS REALIZADAS
ABEGONDO	2122	1210
ARTEIXO	6869	3019
CARRAL	2205	1479
OLEIROS	6467	2045

Fase 2. Programa de educación e sensibilización ambiental sobre residuos industriais

A comarca das Mariñas constitúe, xunto cos polígonos industriais da Coruña e a Área Metropolitana de Vigo, unha das principais sedes industriais de Galicia. Son espazos nos que o problema dos residuos industriais cobra un especial protagonismo, polo volume e a concentración da súa produción, toxicidade, influencia que teñen nos residuos urbanos e o número de traballadores implicados e testemuñas da súa correcta ou incorrecta recollida. O CEIDA, como centro de referencia da educación ambiental en Galicia, situado na área metropolitana da Coruña, era pois o organismo idóneo para a implantación dun programa de sensibilización e educación ambiental no eido dos residuos industriais.

Obxectivos:

1. Identificar as actividades industriais presentes no territorio do Consorcio das Mariñas, a súa tipoloxía de residuos e o tipo de xestión que viñan desenvolvendo.
2. Informar sobre aspectos de interese, como a lexislación vixente, competencias das diferentes administracións, recursos ao seu alcance e experiencias que lles puidesen servir de referente e descubrir os baleiros que tiñan os empresarios/as en materia de formación ambiental.
3. Fomentar a participación do tecido asociativo e empresarial na xestión dos residuos no contorno dos seus polígonos e áreas empresariais.

Máis de 300 entrevistas en empresas en todos os polígonos industriais do territorio (Bergondo, Piadela-Norte, Piadela-Sur, Tabeaio, Icaria) e zonas mixtas de residencia, comercio e industria como Almeiras, A Telva e o Pasatempo e reunións con todas as asociacións empresariais do Consorcio para unir esforzos e coñecer as súas inquietudes e necesidades.

POLÍGONOS	ENTREVISTAS
Alvedro-Almeiras-A Telva	55
Bergondo	205
Tabeaio	3
Piadela	21
Icaria	50

PROGRAMAS DE VISITAS

Programas de visitas

Os programas de visitas teñen unha demanda crecente no CEIDA. As visitas están a ser no CEIDA unha das actividades de máis demanda. Dedicadas nun principio ao ámbito escolar, derivaron para dar cabida ao crecente interese de grupos concertados, de maiores e turistas. Estes cambios desenvolveron novas formulacións interpretativas do equipo de guías, adaptando os contidos ao perfil do público visitante. Os itinerarios das visitas propoñen unha viaxe no tempo arredor de temáticas relacionadas co patrimonio, a historia e a natureza. Os obxectivos son que os visitantes gocen dos paseos guiados, espertarlles os sentidos e descubrir os segredos do mundo natural. A Estratexia Galega de Educación Ambiental resalta a importancia de activar propostas que deriven en actitudes e comportamentos congruentes coa ética ambiental. O CEIDA pretende achegarlles aos visitantes acontecementos históricos significativos e descubrir procesos ecolóxicos relevantes, canalizando así o esforzo de tres institucións cun forte compromiso coa educación ambiental e o desenvolvemento sostible.

Programas de visitas guiadas do CEIDA

- VISITAS DE CENTROS
  Realizadas por centros de ensino (Centros universitarios, ensino medio, primaria. Intercambios, actividades educativas non-formais e de lecer).
- VISITAS DE VERÁN
  Destinadas para grupos concertados (campamentos etc.) e grupos de participantes nas "Visitas guiadas polo castelo".
- VISITAS ESPECIALIZADAS
  Para centros de formación ou cursos especializados (programas de formación turística e de medio natural, educación ambiental e interpretación do patrimonio).
- VISITAS DE "PORTAS ABERTAS"
  Actividades de animación cultural desenvoltas por asociacións locais do contorno de Santa Cruz, que se desenvolven no castelo.
- OUTRAS VISITAS

	Grupos		Público visitante	
	2001	2002	2001	2002
VISITAS DE CENTROS	4	18	170	712
VISITAS DE VERÁN	8	36	298	811
VISITAS ESPECIALIZADAS	3	4	120	118
VISITAS "PORTAS ABERTAS"	1	1	600	800
OUTRAS VISITAS	6	2	164	86
TOTAL 2001	**22**		**1352**	
TOTAL 2002		**61**		**2.527**
TOTAL	**83**		**3.879**	



Visitante por tipo de visitas

	Grupos		Público visitante	
	2001	2002	2001	2002
VISITAS DE CENTROS	18	37	712	1612
VISITAS DE VERÁN	36	122	811	924
VISITAS ESPECIALIZADAS	4	1	118	8
VISITAS "PORTAS ABERTAS"	1	1	800	500
OUTRAS VISITAS	2	15	86	436
TOTAL 2002	**61**		**2.527**	
TOTAL 2003		**176**		**3480**
TOTAL	**237**		**6007**	



Visitante por tipo de visitas

CENTRO DE DOCUMENTACIÓN DOMINGO QUIROGA



DOMINGO QUIROGA
(1900 - 1992)

O Centro de Documentación recorda a figura de Domingo Quiroga Ríos, importante defensor da pesca responsable e da protección do medio mariño. Foi o primeiro presidente da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) e co-fundador da Asociación de Armadores da Coruña.

Estivo traballando para a FAO en América Latina, contribuíndo á posta en valor dos recursos pesqueiros de países como Ecuador, O Salvador e Cuba. Escritor habitual en *La Voz de Galicia,* dende a columna titulada "Ni panes, ni peces", chamou a atención sobre a necesidade de preservar a integridade ambiental da nosa costa, defendendo a pesca e os pescadores artesanais fronte á actividade pesqueira intensiva.

Traballou en América como redactor en revistas como *El Eco de Galicia* e *El Heraldo de Galicia*. Ao seu regreso a Galicia (1930) retomou os seus traballos na prensa (*El Noroeste*) e escribiu os folletos de carácter político: *Quién es y a dónde va Santiago Casares* e *Una nueva política gallega*. A súa obra *Padre Maestro* (1954) foi galardoada co premio Valle Inclán, outorgado polo Centro Gallego de Buenos Aires. Tamén lle foi concedido o premio Fernández Latorre de *La Voz de Galicia* e Daniel Calzado da Real Academia Galega (1977).

Quiroga Ríos dedicou gran parte do seu labor como publicista á pesca marítima, particularmente á galega, e entre outros traballos publicou: *La pesca de arrastre en Galicia y sus problemas* (1961); *La pesca de la merluza con nudo gordiano* (1968); *Algunhas reflexións encol da economía pesqueira galega* (1969) etc.

centro de documentación Domingo Quiroga

INTRODUCIÓN

A crecente sensibilidade polo coñecemento e a problemática do medio natural deu lugar a unha maior importancia das consideracións ambientais en diversos ámbitos da sociedade: empresa, educación, lecer, etc.
Estas demandas sociais vense reflectidas nunha maior sensibilización das institucións, que teñen o deber de formar conciencia sobre a importancia do medio natural promovendo a transmisión de coñecementos. Por iso, a Lei 38/1995, do 12 de decembro, sobre o libre acceso á información en materia de medio natural, publicada no BOE o 13 de decembro de 1995, establece o dereito de acceso á información en materia de medio natural. As administracións competentes deben garantir os recursos necesarios para a xestión da información e o acceso á mesma. Así xurdiu a idea de crear un Centro de Documentación no Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA).



O CEIDA promove a educación ambiental de todos os sectores sociais así como o intercambio cultural e científico no ámbito do medio natural. Para cumprir con estes obxectivos é necesario contar co apoio dunha documentación especializada. O Centro de Documentación *Domingo Quiroga* forma parte da Rede de Centros de Información e Documentación Ambiental (RECIDA). Esta Rede agrupa 50 centros de información e documentación de espazos naturais e medio natural de todo o estado español.
Na actualidade, o Centro de Documentación en Medio Ambiente *Domingo Quiroga* é un dos referentes en información ambiental en Galicia. Pretende ser unha ferramenta de apoio para favorecer a reflexión e concienciar sobre os problemas ambientais que ameazan o futuro do noso planeta.

INICIOS E EVOLUCIÓN DO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN

O Centro de Documentación *Domingo Quiroga* tivo as súas orixes na Casa da Xuventude de Oleiros a raíz do sentimento ecoloxista existente no Concello. Comezáronse así a reunir diversos materiais relacionados coa temática ambiental, que recibiron un tratamento documental básico.
Cando o CEIDA iniciou as súas actividades, decidiuse o traslado destes fondos ao castelo de Santa Cruz, onde se habilitou un espazo para albergalos. O traslado realizouse en caixas, o que tivo como consecuencia unha importante tarefa de clasificación dos materiais.
Como modelo de xestión dos fondos tomouse o Centro de Documentación do CENEAM (Centro Nacional de Educación Ambiental). Durante unha visita ás súas instalacións, estableceuse contacto co persoal para coñecer os seus procedementos de traballo, así como as aplicacións informáticas que utilizaban na catalogación. Nesta primeira toma de contacto facilitóuselle ao Centro de Documentación *Domingo Quiroga* o cadro de clasificación, o programa de xestión bibliotecaria (CDS-ISIS da UNESCO) e o CD-Rom *Documentación Ambiental* do Ministerio de Medio Ambiente que contén dous instrumentos de información ambiental:

A bibliografía ambiental e o conxunto de bases de datos bibliográficas correspondentes a fondos documentais existentes no Centro de Documentación e na Biblioteca do Ministerio de Medio Ambiente. Esas bases de datos son: Biblioma (libros, folletos e artigos de revista), Lema (disposicións lexislativas da Unión Europea, da Administración Xeral do Estado e das comunidades autónomas) Ema (documentos propios, non publicados na súa maioría, procedentes de estudios e asistencias técnicas contratados polo Ministerio), Rema (títulos de publicacións periódicas), Pima (proxectos de investigación desenvolvidos en España sobre medio natural), Audima (vídeos). As buscas nas distintas bases de datos poden realizarse por distintos conceptos e modalidades: autor/es dos documentos, persoais e corporativos, títulos, materias xenéricas, descritores específicos, series etc.

Tesauro Multilingüe de Medio Ambiente é unha ferramenta documental básica que permite a indización, recuperación e intercambio de información e que contén un vocabulario

controlado de termos sobre medio ambiente en catro idiomas: español, francés, inglés e alemán que permite unha maior precisión nas buscas e intercambio de información. A consulta dos descritores en cada un dos catro idiomas citados pode realizarse mediante varias posibilidades: índice de *microtesaurus* (grandes temas), lista xerárquica, lista alfabética de termos con todas as súas relacións (notas de alcance, sinónimos ou case sinónimos, xenéricos, específicos, relacionados), índice multilingüe ordenado alfabeticamente polo idioma que se desexe.

Grazas a estas ferramentas, facilitadas polo CENEAM, púidose iniciar un traballo de catalogación e clasificación dos fondos máis normalizado. A partir da temática dos materiais trasladados ao castelo, adaptouse o cadro de clasificación do Centro Nacional de Educación Ambiental ás necesidades do Centro de Documentación do CEIDA.
Con respecto á catalogación, empregáronse as Regras de Catalogación do Ministerio de Cultura, a Lista de Encabezamentos de Materia e a aplicación WINISIS, adaptación do CDS-ISIS para Windows.

A CADEA DOCUMENTAL NO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN EN MEDIO AMBIENTE

DOMINGO QUIROGA

Adquisición de materiais

Ademais dos fondos chegados da Casa da Xuventude, o CEIDA iniciou un proceso de compra selectiva de materiais en diferentes formatos (monografías, revistas, audiovisuais etc.). Paralelamente recibíronse diversas doazóns persoais, destacando as realizadas por Héctor Quiroga, fillo de Domingo Quiroga, persoeiro que lle dá nome ao Centro.
Xunto a estas vías de adquisición, tamén se recibiron, e séguense recibindo, tras unha solicitude formal previa, publicacións de balde procedentes doutras institucións como

a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, o CEIDA vasco, a Fundación Caixa Galicia, o Consello da Cultura Galega etc.
En canto aos recursos electrónicos, a fonte principal de adquisición é a rede Internet, onde se poden atopar abundantes recursos de calidade e descargar gratuitamente.

Catalogación e clasificación

Nun primeiro momento comezouse a catalogación de monografías e, posteriormente, a de revistas e o seu baleiramento de artigos. Estas foron as liñas prioritarias durante os anos 2002-2004, debido ao gran volume de documentación en depósito e ao escaso persoal existente. Ademais, iniciouse, aínda que de forma esporádica, a catalogación de audiovisuais e literatura gris.
No ano 2005, cando xa se levaba ao día a catalogación destes materiais, púidose iniciar o tratamento documental doutros materiais como cartografía, folletos e recursos electrónicos. O cadro de clasificación utilizado, adaptado aos fondos do centro, consta das seguintes áreas temáticas principais:

Bioloxía
Ciencias da Terra
Ciencias da auga
Ciencias da atmosfera
Ecoloxía
Recursos naturais
Conservación
Impacto ambiental
Medio ambiente
Política e xestión ambiental
Desenvolvemento sostible
Dereito
Educación ambiental

Ciencia e Tecnoloxía
Medio social
Ciencias humanas
Obras locais
De todas estas temáticas, as áreas prioritarias, nas que o CEIDA está máis especializado son Educación Ambiental, Desenvolvemento Sostible e Conservación.

Conservación dos fondos

Unha vez catalogados, os materiais son almacenados en andeis de baldas metálicas, que son menos propensas á proliferación de microorganismos, que poderían deterioralos.
Debido á situación xeográfica do CEIDA é moi importante o control da humidade. Para isto o Centro de Documentación dispón dun deshumidificador que mantén as condicións ambientais óptimas para a conservación dos documentos.
Os audiovisuais nun primeiro momento foron almacenados nun armario. Posteriormente, encargouse a fabricación dunhas vitrinas cunha capacidade maior que permiten a visión dos mesmos e que os protexe de axentes externos (polvo, humidade etc.), ademais, tamén evita que sexan manipulados por persoal non autorizado.
No caso das revistas, literatura gris e folletos son almacenados en contedores (arquivadores, carpetas, …) que facilitan a súa preservación e o acceso.
Os recursos electrónicos son clasificados e almacenados temáticamente en carpetas no servidor do CEIDA. Diariamente fanse copias de seguridade do contido da memoria do servidor, o que garante a permanencia dos documentos neste soporte.

—Difusión de información

Debido á escaseza de recursos humanos, o proceso de difusión da información estivo practicamente paralizado, xa que todos os esforzos estaban encamiñados á realización das tarefas anteriomente comentadas.
O que si se fixo foi informar a directora da Rede de Bibliotecas de Oleiros da existencia do Centro de Documentación en Medio Ambiente *Domingo Quiroga.* Pero non é ata finais do ano 2005, dispoñendo xa dos recursos necesarios, cando se comeza a planificar unha difusión formal do Centro de Documentación.

ELABORACIÓN DE MATERIAIS NO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN

Dossieres *de prensa.*

Dende finais do ano 2002, e con motivo da catástrofe do *Prestige*, comezáronse a recompilar todas as noticias de prensa publicadas en distintos diarios (*La Voz de Galicia, La Opinión de A Coruña, El País, El Correo Gallego, A nosa Terra…*) relacionadas co tema. Esta tarefa continúa na actualidade, xerándose unha voluminosa e importante fonte de información que é necesario xestionar documentalmente.
Aínda que desde un primeiro momento se foron organizando as noticias segundo determinados temas, no ano 2005 revisouse o cadro de clasificación para reducir o número de materias e facilitar con isto o seu tratamento. Así, iniciouse un proceso de repaso das noticias, seguindo o novo cadro, para, nun futuro próximo, proceder á súa dixitalización e posta á disposición dos usuarios.

Paralelamente ao *dossier* do *Prestige*, iniciouse no 2004 a elaboración doutros documentos de prensa, que comprenden os seguintes temas:

CEIDA
Comarca das Mariñas. Medio social
Comarca das Mariñas. Problemática ambiental
Comarca das Mariñas. Valores naturais
Conservación do medio ambiente
Contaminación atmosférica (Protocolo de Kyoto, Cambio climático)
Contaminación do litoral
Contaminación mariña
Contaminación olfactiva
Degradación do medio ambiente (incendios forestais, deforestación, desertización)
Desastres naturais (maremotos, terremotos, secas)
Desenvolvemento sostible (Axendas 21)
Economía agropecuaria (agricultura, gandaría)
Educación ambiental (itinerarios da natureza, equipamentos de educación ambiental)
Espazos naturais (Parques Nacionais, Parques Naturais)
Especies protexidas e ameazadas
Humidais
Prestige
Recursos enerxéticos (enerxía nuclear, enerxía hidráulica, enerxía térmica, enerxías alternativas)
Recursos hídricos (Plan Hidrolóxico Nacional)

Recursos do mar (pesca, industria conserveira, acuicultura, marisqueo)
Recursos vexetais (flora, plantas cultivadas, plantas medicinais, plantas silvestres)
Residuos industrias (augas residuais)
Residuos perigosos (inflamables, radioactivos, sanitarios, tóxicos)
Residuos urbanos

Dossieres *temáticos de revistas.*

A finais do ano 2005, e con motivo da importancia que ten nos nosos días o problema do cambio climático e o Protocolo de Kyoto, iniciouse a elaboración dun arquivo con todos os artigos baleirados relacionados con este tema. Con este traballo preténdese ter unha obra de referencia na que se recompile, toda a información publicada en diferentes fontes dende o ano 1981 ata a actualidade.

OS FONDOS DOCUMENTAIS

Desde o ano 2002 ata o 2005 produciuse un aumento considerable na cantidade dos fondos documentais que forman parte do Centro de Documentación.

Monografías

Debido á consideración de que a súa xestión era prioritaria e ás continuas adquisicións realizadas, produciuse un aumento constante no fondo de monografías. A finais do 2005 contábase con 2950 rexistros na base de datos.
A gráfica mostra este crecemento regular:



Revistas

No Centro de Documentación atópanse un total de 102 publicacións periódicas catalogadas, pero hai que diferenciar entre aquelas que se reciben periodicamente (suscripcións e doazóns), que suman un total 36; e as subscricións pechadas (revistas que se deixaron de recibir), que ascenden a 66.
A evolución dos fondos da hemeroteca pódese observar no seguinte gráfico:



Ademais desta cantidade de revistas catalogadas, no Centro de Documentación, existe un amplo fondo, con 227 exemplares, de números soltos de publicacións periódicas.

Artigos baleirados

O baleirado dos artigos comeza a facerse de xeito continuado a partir do 2003. Dáselle prioridade ao baleirado das revistas máis actuais e que se reciben de forma periódica, seleccionando aqueles artigos que conteñan información de interese.
Na seguinte gráfica pódese apreciar o aumento de rexistros de artigos baleirados durante os últimos anos, un total de 8044:



Audiovisuais

A catalogación do material audiovisual e multimedia fíxose de xeito esporádico ata o ano 2005, data de incorporación de persoal ao Centro de Documentación. Isto permitiu abarcar un maior número de tarefas, ata ese momento case abandonadas.

Na gráfica pódese observar o aumento considerable neste tipo de fondos, formado neste momento por 432 títulos:



Literatura gris

Aínda que é un tipo de material de gran valor debido ao seu difícil acceso, non se considerou prioritario por haber outro tipo de soportes máis demandados. Catalogouse de forma interrompida a comezos do ano 2005, retomando o seu tratamento no segundo semestre, cun total de 697 documentos catalogados a finais do ano.

Recursos electrónicos

No ano 2005 comezouse a xestión de recursos electrónicos, dado que é cada vez maior o número de entidades que optan por este formato á hora de divulgar as súas publicacións.
O número total de documentos electrónicos catalogados a finais do 2005 ascendeu a 139 rexistros.

MELLORAS NO MOBILIARIO E EQUIPAMENTO

O Centro de Documentación en Medio Ambiente *Domingo Quiroga* contaba, nos seus inicios, con 9000 metros lineais de estantes. Ademais, dispoñíase dun armario auxiliar onde se albergaban as publicacións periódicas.
En relación ao equipamento informático, os documentalistas contaban con dous equipos que lles permitían desempeñar o seu traballo.
No Centro de Documentación habilitáronse tres mesas, de modo que puidese existir un espazo de consulta dos materiais para os usuarios. Un televisor con vídeo incorporado permitía a visión dos audiovisuais.
No ano 2004 prodúcense varias melloras no mobiliario:

- Ampliación dos estantes: aumentáronse 4.500 metros lineais de baldas; agora hai un total de 13.500 metros.

- Compra dun moble para material audiovisual de 3,5 metros. No corpo superior, as portas de cristal permiten ver o material sen manipulalo, mentres que o corpo inferior está composto por armarios de portas de madeira.
- Instalación dunha impresora láser.
- No ano 2005 é cando se produce unha mellora máis notable no equipamento informático:
- Incorporación dun novo equipo informático e mellora dos existentes, coa ampliación da memoria do disco duro, adquisición de gravadora de material audiovisual e substitución dos antigos monitores por pantallas TFT.
- Adquisición dun equipo de gravación que permite a migración de contidos de formato VHS a DVD, para favorecer o acceso á información contida en soportes obsoletos e de fácil deterioración.
- Compra dun escáner de material fotográfico que permite a dixitalización tanto de fotografías coma de diapositivas e negativos.
- Incorporación dunha dixitalizadora de carga superior.

RECIDA, REDE DE CENTROS DE INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL

Desde o ano 2002 estase a celebrar anualmente o Seminario *Centros de Documentación de Espacios Naturales Protegidos y Medio Ambiente (CDENPMA)*, organizado polo CENEAM (Centro Nacional de Educación Ambiental). Os documentalistas do Centro de Documentación asisten a este Seminario co fin de compartir experiencias e adquirir novos coñecementos.
O I Seminario, celebrado no ano 2002 en Valsaín (Segovia), tratou sobre a xestión da información e a aplicación de normas de calidade nos centros de documentación.
No II Seminario, celebrado tamén en Valsaín no ano 2003, presentouse un relatorio marco sobre a dixitalización da información, e o resto do seminario dedicouse á presentación de experiencias dos asistentes. Neste encontro, acórdase que o Seminario teña un carácter itinerante e créase unha lista de distribución en RedIris que facilite a comunicación entre os participantes.

O III Seminario realizouse no Parque Natural Señorío de Bértiz (Navarra) no ano 2004, onde se expuxo o traballo que se estaba a realizar no Centro de Documentación en Medio Ambiente *Domingo Quiroga*. A participación nestas xornadas de case todas as comunidades autónomas da península finalizou cunha serie de acordos que levaron á colaboración dos diferentes responsables dos centros de documentación. Entre as liñas de colaboración que se estableceron están o intercambio de publicacións e o préstamo interbibliotecario. Este tipo de actuacións pretendían ser unha base para o establecemento dunha rede de cooperación entre os distintos centros documentais. Foi así como xurdiu o REIDA, actualmente RECIDA, Rede de Centros de Información e Documentación Ambiental.
O IV Seminario celebrouse no Parque Natural da Zona Volcánica da Garrotxa (Xirona) no 2005, onde se tratou o tema das bibliotecas dixitais. A responsable de presentar o relatorio marco foi Alice Held, da biblioteca da IUCN en Suíza.
Hai que destacar a tendencia temática tratada nos Seminarios: encamiñada a abordar o tema das novas novas tecnoloxías no campo da documentación.



INSTITUCIÓNS COLABORADORAS

Institucións colaboradoras

Administración Central

Ministerio de Medio Ambiente

Centros de Educación Ambiental

Camp d'aprenentatge de l'ebre

Centro Nacional de Educación Ambiental - CENEAM

CRAN - Centro de Recursos Ambientales de Navarra

Torre Güil CAM

Planes de Son

Administración autonómica

Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo:
Dirección Xeral de Turismo

Consellería de Innovación e Industria:
Dirección Xeral de Turismo

Consellería de Educación e
Ordenación Universitaria

Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos

Administración local

Centro Municipal de Formación
"Isaac Díaz Pardo"

Consorcio As Mariñas

Deputación da Coruña

Organismo Autónomo Municipal
de Cultura do Concello de Oleiros

Universidades

Universidad Internacional Menendez Pelayo (UIMP)

Universidade de Santiago de Compostela

Universidade de Vigo

Universidad de León

Universitat de Barcelona

Universidad Alfonso X el Sabio

Empresa privada

ABN pipe

Ediciós do Castro

EMALCSA

FOTO ARTÚS

FUJIFILM

Grupo GADISA

Grupo Sargadelos

SERGESCO

TECMED S.L.

Fundacións e entidades financeiras

Fundación Arao

Fundación La Caixa

Fundació Territori i Paisatge

Fundación de Cultura y Deporte
de Castilla-La Mancha

Fundación Paz y Solidaridad (Comisións Obreiras)

Obra Social Caixa Galicia

Obra Social CAIXANOVA

Ambientalistas

Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA)

Asociación para la Interpretación del Patrimonio

EUROPARC-ESPAÑA

Grupo Naturalista Hábitat

SGEA - Sociedade Galega de Educación Ambiental

SGHN - Sociedade Galega de Historia Natural

WWF-Adena

Ambientalistas internacionais

Amigos de la Tierra-Friends of The Earth

ASPEA - Associação Portuguesa de Educação Ambiental

Convención RAMSAR

IAPS (Internacional Association for People-Enviroment Studies)

IUCN - The Wolrd Conservation Union

WWF - World Wildlife Found

Outras entidades colaboradoras

Asociación "Amigos de Oleiros"

Asociación de Investigadores Ramón de la Sagra

Asociación Española de Estudios Literarios Hispanoamericanos

Asociación Galega de Profesores de Ensino Matemático (AGAPEMA)

Casa-Museo de Emilia Pardo Bazán

Clube de Mergullo "O Grelle"

Club de Prensa de Ferrol

Colexio Oficial de Químicos de Galicia

Consello da Cultura Galega

Escola de Arte "Pablo Picasso"

Grupo de Acción Local Terra das Mariñas

Real Academia Galega

Seminario de Estudios Galegos

Sociedad Española de la Ciencia del Suelo

• Ministerio de Medio Ambiente

O CEIDA ideou un Proxecto interpretativo para o castelo e a illa de Santa Cruz que naceu co obxectivo de obter o maior proveito dos recursos histórico-artísticos e tamén naturais. O Ministerio de Medio Ambiente financiou as seguintes actuacións dentro deste proxecto:

- Instalación de paneis interpretativos arredor da illa. No seu conxunto completan unha visita autoguiada.

- Instalación de telescopios e paneis informativos. Dentro do recinto amurallado, instaláronse miradoiros para a observación de aves e da paisaxe acompañados de paneis.

- Recuperación do Pombal soterrado do castelo, único en Galicia, reintrodución da pomba brava e instalación dun panel interpretativo.





• Deputación da Coruña

A Deputación financia desde o ano 2004 o Programa de Sensibilización e Educación Ambiental dirixido a centros de ensino, asociacións e colectivos sociais de toda Galicia.

A finalidade deste programa é proporcionar as ferramentas necesarias para completar a súa formación ambiental e potenciar o coñecemento do patrimonio natural, cultural e histórico, de xeito que o público adopte unha actitude positiva cara ao medio natural e comportamentos favorables á súa conservación e ao uso sostible.

• Fundación La Caixa

Dentro do Proxecto interpretativo do CEIDA para o castelo e a illa de Santa Cruz, a Fundación La Caixa financiou as seguintes actuacións:

- Instalación do módulo: *A vida no xardín: Aproveitamento didáctico e interpretativo do xardín a través da sinalización das árbores*.

- Recuperación da torre de Pardo Bazán, situada na entrada do recinto fortificado do castelo. Recuperación da torre construída no século XIX para o seu acondicionamento como punto de información e recepción de visitantes.





• Fundació Territori i Paisatge

A Fundació Territori i Paisatge ten como obxectivos colaborar na conservación do patrimonio natural e da paisaxe e concienciar a poboación da necesidade de protexer o medio.

O CEIDA ten asinados coa Fundació Territori i Paisatge dous convenios de colaboración.

- O primeiro convenio, asinado no 2004, tiña como actuación a elaboración dunha exposición sobre o accidente do petroleiro *Prestige*. A exposición Prestige, *crónica negra dun modelo enerxético insostible* inaugurouse nas salas do castelo en maio do 2005 co obxectivo de divulgar o que pasou nesa catástrofe ambiental, axudando a descubrir o que debemos aprender para que estes feitos non se volvan repetir.

- O segundo convenio chamado *Unha campaña para a protección dos nosos mares e costas - Proxecto de áreas mariñas protexidas,* nace co obxectivo de revisar, recompilar e divulgar a información publicada sobre Áreas Mariñas Protexidas e de elaborar unha guía para a declaración e a conservación destas áreas. Desenvólvese no período 2005-2006.

• UICN

A Unión Mundial para a Natureza (UICN) foi fundada en 1948 e agrupa 82 Estados, 111 axencias gobernamentais, 836 ONG, 34 afiliados e máis de 10000 científicos e expertos procedentes de 141 países. É o principal referente ambiental do mundo e caracterízase pola busca de fórmulas para facer efectivo o desenvolvemento sostible.

O CEIDA organizou coa colaboración da UICN a xornada *Parques para a Vida. A conservación dos Espazos Naturais galegos na perspectiva do século XXI,* en xullo do 2004.

Por outra banda, o CEIDA colaborou xunto coa UICN no *Seminario Avanzado en Gestión de Áreas Protegidas Mediterráneas y desarrollo local en el contexto Mediterráneo* organizado pola Agencia Española de Cooperación Internacional do Ministerio de Asuntos Exteriores dentro do programa Azahar.



• Grupo Gadisa

Desde o ano 2004, o CEIDA e o Grupo Gadisa colaboran na conmemoración do Día Mundial do Medio Ambiente.
As actuacións levadas a cabo son unha xornada de portas abertas para os escolares da comarca no castelo de Santa Cruz e a edición dun folleto dedicado a este día. Trátase dunha pequena guía de boas prácticas que todos podemos levar a cabo para contribuír á conservación do ambiente. O folleto repártese en todos os centros que o Grupo Gadisa ten en Galicia.

• Caixanova

A entidade galega Caixanova escolleu as instalacións do castelo de Santa Cruz para realizar exposicións temporais de mostras fotográficas de temática ambiental.

As cores do mar de Galicia, fotografías de José Luis González.

Wildlife Photographer of the Year. Ano 2003



Wildlife Photographer of the Year. Ano 2004

Mans salgadas, fotografías de Javier Teniente.

Ecos da Creación, fotografías de Manuel Lemos.

SUMARIO

Presentación do Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e Presidente do CEIDA, Manuel Vázquez Fernández . . . . . .

Cinco anos de traballo para consolidar un centro de referencia para a educación ambiental en Galicia . . . . . .

CEIDA 2001-2005 . . . . . .

Formación e capacitación ambiental . . . . . .

Divulgación ambiental . . . . . .

Exposicións . . . . . .

Punto de encontro . . . . . .

Programas de educación e sensibilización ambiental . . . . . .

Programas de visitas . . . . . .

Centro de Documentación en Medio Ambiente Domingo Quiroga . . . . . .

Institucións colaboradoras . . . . . .

Este libro, CEIDA 2001-2005. Memoria de actividades,
rematouse de imprentar en Santiago de Compostela
en novembro do 2006